



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade de Economía e Empresa

Traballo de
fin de grao

Castelao como
base do
pensamento
económico de
Galicia encol da
problemática dos
recursos naturais

Borja Díaz Santiso

Titor: Fernando I. González
Laxe

**Simultaneidade de Graos en Ciencias Empresariais e
Turismo**

Ano 2020

Resumo

O sector primario (e os recursos naturais que este emprega) sempre foron moi importantes e interesantes para o seu estudo económico e por ende, para o desenvolvemento da economía galega. Por outra banda, Castelao é unha das personalidades máis destacadas da historia de Galicia e o seu libro, *Sempre en Galiza* é dos ensaios máis recoñecidos escritos en lingua galega. Neste ensaio, Castelao xa analiza a situación do emprego dos recursos naturais de Galicia e na necesidade de realizar cambios para mellorar o seu uso.

Porén, o presente traballo non se restrinxe ao pensamento de Castelao; senón que tomando como base o seu ideario e apoiándose en aportacións de economistas precedentes e coetáneos ao rianxeiro, búscase elaborar unha análise do pensamento galego do século XX encol do emprego dos recursos naturais en Galicia. De Castelao a Beiras. De Paz Andrade a Touriño, Leiceaga e González Laxe. Gandaría, agricultura e pesca. Terra e mar.

Palabras clave: Castelao, Galicia, agricultura, gandaría e pesca

Abstract

The primary sector (and the natural resources that it uses) have always been such important and interesting for the economic study and for the development of the Galician economy too. On the other hand, Castelao is one of the most outstanding personalities in Galicia's history and his book, *Sempre en Galiza* is one of the most recognized essays written in Galician. In this essay, Castelao studies the situation of the use of Galicia's natural resources and the need to make changes to improve their use.

However, the present work is not restricted to Castelao's thought; rather starting from his economic thought and supported by contributions from previous and contemporary economists to Castelao, it is sought to develop an analysis of Galician thought of the 20th century on the use of Galicia's natural resources. From Castelao to Beiras. From Paz Andrade to Touriño, Leiceaga and González Laxe. Livestock, agriculture and fishing. Land and sea.

Key words: Castelao, Galicia, livestock, agriculture and fishing

Índice

Introdución.....	8
1. Contextualización: II República.....	10
1.1 Contexto internacional	10
1.2 Contexto nacional	10
1.2.1 Situación demográfica.....	11
1.2.2 A economía.....	13
1.2.2.1 Lei da Reforma Agraria	15
1.2.3 Desenvolvemento histórico da II República	15
1.2.3.1 Estatuto de Autonomía de Galicia 1931	17
2. Pensamento económico de Castelao	19
2.1 Influencias no pensamento económico de Castelao	19
2.1.1 Economistas ilustrados	19
2.1.2 Alfredo Brañas	24
2.1.3 Lois Peña Novo	25
2.1.4 Alexandre Bóveda.....	28
2.1.5 Cruz Gallástegui	32
2.2 Sempre en Galiza e outros textos de Castelao	35
2.2.1 Agricultura.....	36
2.2.2 Gandaría.....	37
2.2.3 Pesca e marisqueo	38
2.2.4 Explotación forestal	39
3. Derivas intelectuais	41
3.1 Autores relevantes no pensamento económico da segunda metade do s. XX	41
3.1.1 Valentín Paz Andrade.....	42
3.1.2 Xaime Isla Couto	45
3.1.3 Xosé Manuel Beiras Torrado	47
3.2 Referencias encol das actividades principais do sector primario.....	50
3.2.1 Agricultura.....	50

3.2.2	Gandaría	54
3.2.3	Pesca	59
3.2.4	Explotación forestal	64
	Conclusión.....	65
	Bibliografía.....	69

Índice de figuras

Gráfico 1 - Poboación española na II República	11
Gráfico 2 - Crecemento vexetativo na II República	12
Gráfico 3 - Saldo migratorio durante a II República	13
Gráfico 4 – Número de cabezas de gando por km ²	26
Gráfico 5 - Comparativa gasto público por habitante entre Galicia e España.....	29
Gráfico 6 - Saldo entre a cantidade recadada e gasta en Galicia no ano 1931	29
Gráfico 7 - Proporción entre o gasto polo imposto por utilidades e o capital bancario de Galicia e as Vascongadas (datos de 1936)	30
Gráfico 8 - Organigrama do sector pesqueiro	39
Gráfico 9 - Estrutura económica do agro galego nos anos cincuenta (Paz Andrade, 1970)	43
Gráfico 10 - Datos macroeconómicos do agro galego entre 1985 e 1996 (Fernández Leiceaga & López Iglesias, 2000)	56
Gráfico 11 - Integración da pesca no sector industrial	59
Gráfico 12 - Comercio exterior do sector pesqueiro galego en 1995 (Fernández Leiceaga & López Iglesias, 2000)	60
Gráfico 13 - Distribución da produción pesqueira galega (datos 1995) segundo o modelo produtivo (FERNÁNDEZ LEICEAGA & LÓPEZ IGLESIAS, 2000)	62

Índice de táboas

Táboa 1 - Proporción entre o gasto polo imposto por utilidades e o capital bancario de Galicia e as Vascongadas (datos de 1936)	30
Táboa 2 - Distribución do sector primario terrestre en subsectores entre 1985 e 1996 (Fernández Leiceaga & López Iglesias, 2000)	56
Táboa 3 - Tipoloxía dos modelos produtivos no sector pesqueiro (Fernández Leiceaga & López Iglesias, 2000).....	61

Introdución

O presente traballo ten como obxectivo estudar as ideas, en clave económica, encol da xestión dos recursos primarios de Galicia. Partindo do formulado por Alfonso Daniel R. Castelao (1886 - 1950) no ensaio *Sempre en Galiza* (2001), xunto con outras referencias bibliográficas do propio autor, para, posteriormente, analizar o diálogo existente entre a obra do rianxeiro e outros economistas galegos que tamén trataron o mencionado tema¹ ao longo do século XX.

Polo tanto, por unha banda, cómpre salientar que *Sempre en Galiza* é un dos ensaios máis afamados escritos en galego e obra de referencia do nacionalismo galego. O mencionado ensaio divídese en catro libros, escritos en diferentes períodos da vida do autor rianxeiro, no cal trata temas diversos relacionados con Galicia: política, sociedade, economía, historia, etc.

Pola outra banda, son numerosos os autores que partindo do estipulado por Castelao e os seus coetáneos, coma Bóveda, van expoñer as súas ideas en clave económica, ben sendo estas máis próximas ao plantexado por Castelao, ben distanciándose esas ideas do estipulado polo rianxeiro. Neste grupo de economistas atópanse Beiras, Bóveda, Leiceaga ou González Laxe.

Porén, previo ao inicial estudo do pensamento económico de Castelao, cómpre analizar o contexto principal no cal esta obra foi elaborada: a II República. Non se realiza un estudo das etapas históricas, nin predecesoras nin posteriores á etapa republicana, debido a que o obxectivo non é realizar un estudo da historia de España nin de Galicia ao longo do século XX; senón que é realizar un estudo do pensamento económico de Castelao e das diversas derivas intelectuais resultantes do pensamento económico do rianxeiro.

Polo tanto, o presente traballo comeza cunha breve análise da II República, incidindo, posteriormente en fitos de interese e que foron abordados polo propio

¹ Tanto coetáneos a Castelao coma autores que continuaron a estudar dita cuestión ao longo da segunda metade do século XX e inicios do século XXI.

Castelao; como por exemplo, a Reforma da Lei Agraria de 1932 (Ministerio de Agricultura, Comercio y Industria) ou o Estatuto de Autonomía de 1932 (Asamblea Regional de Ayuntamientos de Galicia, 1932)²

Unha vez contextualizado o momento histórico no cal foi elaborado *Sempre en Galiza*, dáse comezo ao estudo exhaustivo do pensamento económico de Castelao. Para iso, tómase como base o mencionado ensaio, complementándoo con outras fontes bibliográficas que axuden a profundizar na ideario económico do rianxeiro. A maiores e previo á análise do pensamento económico de Castelao, cómpre estudar, de forma menos profunda a obra de outros autores galegos tanto anteriores como coetáneos que influíron na obra ensaística de Castelao (Lois Peña Novo, Alfredo Brañas, Cruz Gallástegui, etc.).

Por último, unha vez analizado o pensamento económico de Castelao, procédese ao estudo das diferentes derivas intelectuais doutros autores que tamén analizaron a problemática dos recursos primarios en Galicia, como, entre outros, Xosé Manuel Beiras, Valentín Paz Andrade, tal e como se mencionou anteriormente no presente epígrafe.

² Pese a que non chegaría a ser aprobado nas Cortes republicanas.

1. Contextualización: II República

Como xa se mencionara na introdución do presente traballo, cómpre comezar por analizar a II República (1931 – 1936), abrangendo diferentes aspectos: demografía, o espectro político partícipe na xestión e desenvolvemento da II República e, por suposto, a situación económica ao longo desta etapa. Aínda que, para dar comezo ao estudo desta breve pero intensa etapa histórica é necesario realizar un esbozo previo do panorama internacional no cal se xestou a II República.

1.1 Contexto internacional

O contexto internacional no cal nace e se desenvolve a II República é inestábel, marcado principalmente pola crise orixinada en EEUU co crac da bolsa de Nova York en 1929. Ademais, hai que destacar a existencia de tres correntes político-económicas, con puntos antagónicos entre si e que desembocarán posteriormente na II Guerra Mundial: o capitalismo liberal representado polos EEUU, o comunismo e os plans quinquenais de gran desenvolvemento industrial da Unión Soviética e o nacemento de formas autárquicas en países como a Alemaña nazi e a Italia fascista (Beiras Torrado, 2008).

1.2 Contexto nacional

Por outra banda, o panorama en España non dista de ser moi diferente do contexto mundial. A II República supón un cambio de sistema político: dende un modelo totalitario e carente de liberdades democráticas da Ditadura de Primo de Rivera, á instauración dun sistema cuxa forma segue os principios democráticos. (Tamanes, 1973). Mais

instaurar un sistema democrático, non implicou o cese das tensións e problemáticas ao longo do lustro de vida da II República.

É por iso, que á hora de estudar o que supuxo a II República, os seguintes subapartados tratan campos específicos de estudo, que servirán de gran axuda para comprender, posteriormente, o pensamento económico de Castelao.

1.2.1 Situación demográfica

En primeiro lugar, cómpre estudar a estrutura demográfica de España durante a II República para, a posteriori, dar explicación a diferentes feitos que se producen coma consecuencia da demografía española a inicios dos anos trinta do século pasado.

Como ben mostran as *Gráficos 1 e 2*, a poboación española na II República creceu paulatinamente, tomando como referencia o ano 1930³. As razóns deste crecemento débense tanto a un saldo positivo no crecemento vexetativo (agás en 1938, o cal está destacado en cor negra no *Gráfico 3*)^{4 5}, como ao saldo migratorio positivo.




Gráfico 1 - Poboación española na II República

³ Os anos correspondentes á II República aparecen destacados en cor ocre para diferencialos de etapas precedentes e posteriores. Por outra banda, en cor azul mariño, aparece o ano de referencia (1930) para o cálculo dos índices de crecemento.

⁴ En canto á migración, coméntase a continuación da presentación das *Táboas 1 e 2*

⁵ Todas as táboas presentadas neste apartado 1.- *Contextualización: II República*, están sacadas do libro de Ramón Tamañes (1973)




Gráfico 2 - Crecemento vexetativo na II República

Os datos estatísticos encol da estrutura demográfica mostran que a poboación española vivía, na súa meirande parte, no ámbito rural (Tamanes, 1973). Concretamente, o 90% da poboación vive no rural dun total de arredor de 23 millóns de habitantes en España en 1931.

Por outra banda, a poboación española segue a verse afectada polos movementos migratorios. Tanto interrexionais como exteriores. En canto á migración interrexionais, cómpre destacar o paulatino éxodo rural cara as grandes cidades do territorio nacional. Porén, este efecto viuse reducido en comparación coas etapas precedentes, onde o movemento migratorio cara as cidades foi máis acusado. A maiores, e en base aos datos estatísticos (Tamanes, 1973), hai certas etapas na que este movemento migratorio experimenta un efecto regresivo e parte da poboación urbana regresa ao rural. Sendo a causa principal deste regreso á aldea a recesión económica que estase a experimentar en España e xa posteriormente, a partir de 1936, polo efecto da Guerra Civil.

En canto ás migracións exteriores, estas experimentaron un retroceso en canto ao volume de movementos migratorios por mor da crise internacional do 29 orixinada polo crac da Bolsa de Nova York e das políticas cada vez máis restritivas en canto á inmigración dos países de destino, especialmente en Latinoamérica⁶.

⁶ Latinoamérica foi un dos destinos que maior acollida de inmigrantes españois recibiu.

A continuación, amósase un gráfico ilustrativo da situación migratoria de España no primeiro terzo do século XX ⁷.




Gráfico 3 - Saldo migratorio durante a II República

Este efecto retorno, tivo as súas repercusións no eido económico, pois aumentou a poboación activa e pola contra, a situación económica española (contaxiada pola situación internacional) non favoreceu a ocupación desa poboación activa. É dicir, mentres a demanda de emprego aumentaba paulatinamente co retorno de emigrantes, a oferta de traballo mantíñase estábel, aumentando o paro nacional.

1.2.2 A economía

A situación económica durante a II República estivo marcada por dous factores fundamentais (Beiras Torrado, 1975)⁸: a situación de crise internacional derivada do crac da bolsa de Nova York en 1929 e a incapacidade e diverxencias dos diferentes gobernos republicanos por levar a cabo políticas económicas que tivesen certa profundidade de cambio. Un dos principais problemas internos ao que tivo que facer fronte os gobernos republicanos, en materia económica, foi a situación do sector agrario, especialmente as dificultades á hora de aplicar a Lei da Reforma Agraria de 1932.

⁷ Os anos nos que non aparecen datos (por exemplo, de 1937 a 1939) débense a que non existen datos rexistrados para poder trazar a gráfica. En vermello saldos migratorios negativos e, en verde, saldos migratorios positivos.

⁸ Este ensaio tamén está recollido no libro *Por una Galicia liberada e outros ensaios* (Beiras Torrado, 2008).

Pero cal era a situación no sector agrario coa que se atoparon os novos gobernantes? Para comezar, destacar que case a metade da poboación activa española vivía do campo (Tamanes, 1973) e a maiores, destacar o feito de que o mundo agrario español era heteroxéneo. Por unha banda, os grandes latifundios do sur español, propiedade, en gran parte, das clases con capacidade económica máis alta; así como o feito de que apenas controlaban a forma na que eran explotadas as súas terras. Por contra, o minifundismo é protagonista no norte español, onde aínda existían formas antigas de cesión da propiedade, coma a redención de foros en Galicia⁹.

Ante esta situación, e co obxectivo de mellorar a situación do campo, o goberno da II República, pon en marcha a elaboración e aplicación da Lei da Reforma Agraria¹⁰ (da cal falaremos detidamente nas vindeiras páxinas).

Malia o énfase que recae no feito da cuestión agraria, cómpre mencionar outros fitos que axudan a ampliar a perspectiva encol da situación económica da II República. A xa comentada recesión internacional, tivo como consecuencia unha redución do comercio exterior, ben aplicando políticas restritivas en favor das colonias que algúns países europeos aínda “*posuían*”¹¹; ben tendendo a formas de goberno autárquicas como o caso de da Italia de Mussolini ou a Alemaña nazi (Paxton, 2019).

Porén, é certo que posteriormente, os diferentes estados procuraron acadar acordos bilaterais para facilitar e reactivar o comercio exterior, tratando de equilibrar a súa balanza de pagos. Castelao, en relación con este punto, critica o acordo realizado co Uruguai na comercialización da industria cárnica¹²

Por outro lado, a produción industrial e a transformación do sector secundario en España distaba da situación doutros países máis desenvolvidos no sector secundario coma o Reino Unido ou Francia. O motivo de que non se producise esta transformación vén causada por dous motivos.

En primeiro lugar, a transformación industrial española foi máis tardía ca outros países, polo que no contexto do primeiro terzo da século XX, atopábase nunha situación carente dun tecido industrial considerable; e en segundo lugar, a inversión privada ao longo da II República foi moi escasa, derivada, en gran parte, polo motivo que os posuidores do excedente de capital non apoiaban o ideario republicano, e polo tanto, non investiron no desenvolvemento da industria española.

⁹ Duramente criticada por diferentes economistas mentres estivo vixente os mencionados mecanismo de explotación da terra, tal e como se verá a continuación.

¹⁰ A cal sería duramente criticada por Castelao ao longo de *Sempre en Galiza* (2001)

¹¹ O énfase, neste caso, provén do propio autor.

¹² O cal, finalmente non chegou a ser unha realidade grazas ás diferentes presión sufridas polo Goberno republicano.

1.2.2.1 Lei da Reforma Agraria

A Lei da Reforma Agraria (Ministerio de Agricultura, Comercio y Industria, 1932) foi unha das decisións en materia de política económica máis criticadas durante a etapa republicana, sendo aprobada e publicada na Gaceta de Madrid o 21 de setembro de 1932. De feito, o propio Castelao considerábaa inxusta debido a que aplicaba unha serie de mediadas homoxéneas para todo o agro español, cando, a realidade de Galicia en materia agraria era, e segue a ser, diferente ao resto de España¹³.

O encargado de xestionar e cumprir o exposto na Lei da Reforma Agraria era o Instituto de Reforma Agraria¹⁴. O procedemento a aplicar segundo a mencionada lei é o seguinte: en primeiro lugar, clasificar aquelas terras que podían ser potencialmente expropiadas polo Estado para que, en segundo lugar, transmitirllas á parte da poboación (labregos individuais, sociedades agrarias, etc.) para a súa explotación. Cómpre matizar que a mencionada Lei de Reforma Agraria tamén establecía unha serie de características para que un determinado terreo non fose expropiado (explotacións forestais, por exemplo).

Ademais, dito Instituto dispuña dun mecanismo de financiación para axudar ao labrego na posta en marcha da produción da terra asignada. O uso dese terreo tamén ía marcado polas pautas establecidas pola Lei da Reforma Agraria, concretamente na Base 12 de dita lei.

1.2.3 Desenvolvemento histórico da II República

Dende o punto de vista político-lexislativo, a II República estivo marcada pola continúa crispación e polas diverxencias ideolóxicas dos diferentes partidos políticos que integraron as Cortes republicanas ao longo dos cinco anos de vida da II República.

Como punto de partida, cómpre falar da Constitución de 1931, na que se manifestaba un forte carácter laicista, o cal traería consigo bastantes problemas cos sectores máis conservadores da sociedade española; coa conseguinte maior participación política dos corpos militares e policiais (Alba Tercedor, 1975). Este marcado laicismo, afectou nas políticas ligadas ao mundo da educación, onde o goberno

¹³ Como xa se comentou, en Galicia predominaba o minifundismo, mentres que no resto de España, predominaba o latifundio.

¹⁴ Entidade con personalidade xurídica propia e onde estaría representados por diferentes membros da explotación agrícola: expertos en cultivos, sociedades agrícolas, o propio Estado, etc.

republicano de Azaña (bienio progresista) tentou levar a cabo todos os cambios necesarios para propiciar o transo dunha ensinanza confesional a unha ensinanza puramente laica. Entre os cambios realizados pódese salientar: a construción de maiores centros de ensino, a creación das bibliotecas itinerantes, a renovación do persoal docente, etc. (Redondo Abal, 2014).

Así mesmo, outro aspecto que tamén fomentou dita participación política dos corpos de seguridade do Estado español foi o intento, por parte dos gobernos republicanos de esquerdas, de dotar de maior autonomía política a diferentes rexións do territorio español; concretamente Cataluña, Euskadi e Galicia. O mecanismo para dotar a mencionada autonomía político-administrativa foi a aprobación dos correspondentes Estatutos de Autonomía¹⁵.

Ademais, os gobernos republicanos de esquerdas aprobaron medidas que tiveron unha incidencia directa nos corpos militares: as reformas levadas a cabo no exército¹⁶. Estas reformas foron coñecidas popularmente como a “Reforma Azaña” e consistiron en ir desmilitarizando paulatinamente o corpo do exército; así como ir modernizando as estruturas organizativas do propio corpo, coa finalidade de dotarlle a dita estrutura unha maior eficiencia.

Porén, isto xerou certo malestar entre os altos cargos do exército, chegando aos extremos de levar a cabo levantamentos militares, tales coma o do xeneral Sanjurjo, o cal non foi frutífero para os intereses do propio xeneral e daqueles sectores da poboación española que o apoiaban; ou, coma o levantamento militar de 1936, que si tería éxito e poría fin á II República e dando entrada á Guerra Civil e ao franquismo. (Tamanes, 1973).

En canto ao desenvolvemento político da II República, e a modo de resumo final, a II República estivo marcada polas reformas e contrarreformas efectuadas polos diferentes gobernos en función da ideoloxía de cada un deles. Esta situación de inestabilidade, xunto coa crise internacional contemporánea á II República, provocou unha crecente crispación ata desembocar no, xa mencionado, levantamento militar de 1936 que trouxo consigo o inicio da Guerra Civil (Tamanes, 1973).

¹⁵ No caso do Estatuto de Autonomía de Galicia, do cal fala Castelao en *Sempre en Galiza* (2001) ao longo dos catro libros que integran o ensaio, falarase máis adiante.

¹⁶ O cal, xunto coas outras medidas adoptadas (e xa comentadas), provocou a xestación do caldo de cultivo necesario para que as forzas de seguridade do Estado español participasen na vida pública da II República.

1.2.3.1 Estatuto de Autonomía de Galicia 1931

O Estatuto de Galicia (Asamblea Regional de Ayuntamientos de Galicia, 1932), a diferenza do vasco e do catalán, tivo un proceso moito máis longo para acadar a súa aprobación. De feito, non sería aprobado ata o ano 1936, xa durante o comezo da Guerra Civil. Porén, o seu nacemento comeza en 1931 co nacemento da II República; aínda que estivo marcado por diferentes fases, anteproxectos, etc.

Por outra banda, son moitos os autores que destacan a figura de Alexandre Bóveda como unha das figuras principais para que o Estatuto de Autonomía de Galicia fose realidade (Pena Beiroa, 2001). Porén, neste epígrafe non se analiza o papel importante de Bóveda ou Castelao no desenvolvemento do Estatuto; senón que o que se pretende é analizar o propio contido do Estatuto.

Este documento pódese subdividir en varios bloques temáticos que axudarán a entender de forma máis clara e concisa o seu contido. Estes bloques temáticos son os seguintes: preliminar, poder rexional, atribucións da rexión, facenda rexional, disposicións rexionais e réxime transitorio.

O primeiro bloque, *preliminar*¹⁷, centrase en definir o que é Galicia: territorio, lingua e dereitos encol do uso desta e os dereitos dos que debe gozar todo galego. O segundo bloque, *poder rexional*, versa sobre as dependencias gobernamentais das que gozará o futuro goberno autonómico; así como os mecanismos democráticos tanto, para a elección dos representantes autonómicos, como para a aprobación de calquera lei de ámbito autonómico. O terceiro bloque, *atribución da rexión*, céntrase naqueles dereitos e medidas que adoptará o goberno autonómico unha vez se aprobe o Estatuto de Autonomía, co cal se facilite o autogoberno galego. Un exemplo é o recoñecemento da parroquia como entidade xurisdiccional, tal e como defende Castelao. Por outra banda, o cuarto bloque, *facenda rexional*, explícase no epígrafe 2.1.4.- *Alexandre Bóveda*¹⁸, xa que foi o político galego o ideólogo da reforma fiscal que se levaría a cabo en Galicia unha vez se aprobe o Estatuto. No quinto bloque, *disposición rexionais*, o Estatuto céntrase nas relacións que se deben establecer entre o goberno galego e o goberno estatal, coa finalidade de garantir tanto o cumprimento da Constitución de 1931, como o estipulado no propio Estatuto de Autonomía de Galicia. Desta forma, buscábase evitar posibles discrepancias entre ambos documentos legais. Por último, en canto ao último

¹⁷ A cursiva neste epígrafe é do autor do presente traballo para poñer énfase nos títulos de cada un dos bloques temáticos, segundo se reflexan no propio Estatuto (Asamblea Regional de Ayuntamientos de Galicia, 1932)

¹⁸ Énfase do propio autor do traballo.

bloque, *réxime transitorio*, tal e como indica o propio nome, consiste nunha serie de artigos que marcan as pautas a seguir para a constitución do goberno autonómico e facilitar o transo dunha forma de goberno á outra.

A modo de apunte final, cómpre sinalar que o Estatuto de Autonomía de 1931 nunca tivo unha aplicación na práctica; pois, pese a que foi aprobado en 1936, Galicia xa se atopaba baixo o dominio do bando franquista. O Estatuto de Autonomía de Galicia non sería unha realidade ata o ano 1981, xa durante a Transición española.

2. Pensamento económico de Castelao

Tal e como se mencionou na *Introdución* do presente traballo, á hora de estudar e comentar o pensamento económico de Castelao pártese do ensaio *Sempre en Galiza* (Castelao, 2001); para con posterioridade, complementar con outros escritos do autor de Rianxo.

Porén, cómpre salientar que as ideas económicas de Castelao, non son de produción propia; senón que, como ben comenta Beiras Torrado (2008), o Castelao economista bebe de diversas influencias como Cruz Gallástegui, Peña Novo, e sobre todo, de Bóveda, ao que considera seu mestre e lle adica o ensaio de *Sempre Galiza* (Castelao, 2001). É por iso, que previo ao estudio detido do pensamento económico de Castelao é necesario entender o exposto, en materia económica, por ditas influencias. Ademais, desta forma non só se menciona o estipulado polo propio Castelao; senón que tamén se engaden o pensamento económico doutros economistas¹⁹ que cómpre salientar²⁰.

2.1 Influencias no pensamento económico de Castelao

2.1.1 Economistas ilustrados

Á hora de contextualizar cales foron os diferentes economistas e investigadores que influenciaron a Castelao na súa formación e pensamento económico, débese

¹⁹ Tanto anteriores coma coetáneos ao rianxeiro.

²⁰ Seguindo, para una maior comprensión e claridade expositiva, una orde cronolóxica. Comezando polos economistas da ilustración, pasando por Brañas e rematando con autores coetáneos a Castelao, como son Bóveda, Peña Novo e Cruz Gallástegui (malia que este último, non foi economista e porén, realizou numerosas aportacións de interese na análise do sector primario galego).

comezar polos economistas ilustrados: un compendio de diferentes autores que, dende diferentes puntos de vista, analizaron a situación económica da Galicia do seu tempo. De feito, son considerados os pioneiros á hora de estudar a situación económica de Galicia e a súa relación coa política estatal.

Por outra banda, e debido á diversidade e variedade de autores, o proceso seguido a continuación estará segmentado por bloques temáticos (breve contexto histórico, sector agrogandeiro, sector marítimo, etc.), en vez de ir detallando o escrito por un ou outro autor. A finalidade desta elección consiste en facer a exposición deste epígrafe o máis clara e concisa posible.

En primeiro lugar, e tal e como xa se adiantou ao comezo deste epígrafe, son numerosos os autores que escribiron encol da situación económica de Galicia durante a etapa da Ilustración, tendo como denominador común a súa relación coa fe cristiá. Ben porque exercen profesionalmente a transmisión do cristianismo, ou ben porque están ligados á doutrina relixiosa doutra forma (Dopico, 1978). Porén, os mencionados autores poderían agruparse en dous grupos: os chamados reformistas e os abolicionistas²¹.

No primeiro grupo estarían encadrados aqueles autores que non se opoñen á redención de foros, tendo unha actitude propia dos déspotas ilustrados (por exemplo, Somoza de Monsoriú). No segundo grupo, en cambio, estarían encadrados aqueles autores que si buscan e estudan métodos que substitúan os foros. É neste segundo grupo onde atopamos voces máis próximas ao ideal de Castelao (incluso sendo mencionados en *Sempre en Galiza* (Castelao, 2001) polo propio autor, coma no caso de Labrada)²².

Ligados a este conxunto de autores, existen diversas institucións, nas cales foron partícipes algúns destes economistas, que buscan implantar unha serie de melloras, principalmente no sector agrario; mais sen cambiar a estrutura da propiedade da terra. Estas institucións son: a Academia de Agricultura do Reino de Galicia, as Sociedades Económicas dos Amigos do País e o Real Consulado de A Coruña. Autores coma Labrada foron críticos con estas institucións, pois consideraba que as mencionadas institucións, apenas tiñan un impacto positivo no agro galego debido a que non se fixera o cambio fundamental: a reestruturación na propiedade da terra (Dopico, 1978).

²¹ Cualificativos recollidos do propio libro de Dopico (*A Ilustración e a sociedade galega*, 1978, pp. 11 - 30)

²² É importante comprender que o tema da redención dos foros é un dos bastións principais sobre o que se orixina o debate entre os economistas ilustrados.

Por outra banda, e tal e como tamén o comentarían posteriormente outros autores (entre eles o propio Castelao), o tema da emigración supón para Galicia un factor negativo á hora de poder desenvolverse economicamente (Dopico, 1978)²³. Ademais, é a propia economía a que provoca o movemento emigratorio, como é a distribución da propiedade da terra e o sistema de foros. Para algúns dos economistas ilustrados, unha posible solución sería a industrialización da economía galega; chegando algúns deles ao extremo de propoñer como solución a prohibición da emigración da poboación galega. De entre todos os autores, destacan tres que escribiron de forma abundante encol da problemática da emigración.

O primeiro, ao igual que defendeu posteriormente Castelao, considera a agricultura coma a base fundamental sobre a que se debe sustentar a economía galega (Dopico, 1978): De Castro. Este autor matiza que son moitas as explotacións galegas que se atopan por debaixo do umbral da produtividade, así como un conxunto de terreos que están en mans mortas e que non axudan ao desenvolvemento económico; tendo, polo tanto, que ser explotadas de forma eficaz para garantir uns mínimos en termos produtivos. Para este autor, o pilar para que calquera sociedade poida crecer economicamente é a propia poboación e sendo o caso de Galicia, onde o efecto da emigración é tan negativo, considera imposible que se propicie o crecemento económico ante unha situación demográfica tan prexudicial. Por outra banda, Somoza de Monsoriú defende a libre circulación do factor traballo. Para el, a solución para que a agricultura sexa máis produtiva consiste no impulso do comercio exterior e na introdución de novos cultivos.

Outro punto tamén analizado é a distribución na propiedade da terra, a cal se atopa en mans de uns poucos en comparación co volume de poboación que traballa nela. Ademais, esta clase posuidora das terras carecía de mentalidade empresarial. O excedente que recibían da produción da súas terras era destinado na construción de pazos, en vez de reinvertilo na modernización e industrialización do sector primario²⁴.

²³ A emigración, tal e como se pode contemplar ao longo do presente traballo, é un tema recorrente á hora de ser analizado polos economistas galegos.

²⁴ Isto provocaría a entrada de capital estranxeiro no desenvolvemento da industria, especialmente a conserveira, en Galicia, sendo un feito duramente criticado por autores coma Paz Andrade (1959). De feito, cabe destacar a actividade carente de produtividade que supón a construción de pazos en vez de desenvolver o proceso industrializador galego.

Ademais, ao problema dos foros, súmase o dos subforos²⁵, creando unha falsa clase media que o único efecto que xera no agro galego é o encruceamento da vida dos labregos, tendo estes que pagar unha maior cantidade polo uso da terra.

Máis é necesario detallar en maior medida o exposto polos economistas ilustrados galegos en materia de agricultura e gandaría (Dopico, 1978). Como xa se adiantou ao inicio deste subepígrafe, un dos temas dos máis estudados foi o tema dos foros e a propiedade da terra. Sarmiento cría que para a mellora do agro galego, as solucións eran a reestruturación do traballo no campo, fomentando a formación de cooperativas agrarias e a introdución do policultivo que permitise diversificar os riscos da produción²⁶. Por outra banda, Sánchez, tamén é crítico coa situación do labrego galego, destacando a precariedade e pobreza deste sector da sociedade. Tamén é crítico coa situación tributaria en España (coma o caso do imposto sobre a carne), que supoñen maiores trabas para o desenvolvemento do sector primario galego.

A maiores, hai unha serie de ilustrado menos prolíficos en canto á diversidade de aspectos comentados encol da situación da economía galega; mais fixeron achegas importantes coma o fomento dunha labor pedagóxica por parte da poboación ou a introdución de novos cultivos. Outros factores a ter en conta, segundo os ilustrados e que beneficiaban ou ía beneficiar o agro galego eran: a necesidade de importar cereais para o gando, o propio clima e a relación de interdependencia entre a agricultura e a gandaría (o esterco dos animais serve para abonar as terras, e parte da produción destas serve para alimentar ao gando).

Cambiando de terzo, en relación co sector pesqueiro, os ilustrados galegos atoparon similitudes na situación entre os mariñeiros e os labregos galegos. No sector pesqueiro tamén existía unha especie de “foro”. O denominado *díezmo marítimo*, o cal supoñía a adscrición do mariñeiro dentro do gremio laboral para poder faenar nas augas galegas (Dopico, 1978). Por outra banda, tamén salientan a introdución de capital estranxeiro (catalán, principalmente) á hora de desenrolar a nacente industria conserveira galega. A pregunta, entón, é a seguinte: por que non se deu dita industrialización co capital galego? A resposta é bastante sinxela de responder e idéntica á que acontecía no agro: non existía capital galego co que poder levar a cabo ese proceso de industrialización de desenvolvemento da industria conserveira galega.

²⁵ O subforo é una especie de intermediario que, por una banda lle esixe ao labrego o pago dunha cuota (foro), para despois, pola outra banda, destinar parte desa cuota ao pago do foro do señor propietario da terra labrada.

²⁶ Estas ideas son avanzadas ao seu tempo, as cales serían posteriormente defendidas polos economistas galegos do primeiro terzo do século XX: Castelao, Bóveda e Peña Novo, entre outros.

Ou se existía, e tal e como xa se comenta anteriormente, non era investido en actividades sen indicio algún de seren produtivas. Ademais, para algúns autores como Somoza de Monsoriú, a entrada do capital catalán supoñía a entrada dos mecanismos e principios capitalistas, estando Galicia aínda sen a rede necesaria para poder adaptarse a esa nova realidade que se aveciñaba.

A maiores, atopamos novamente o problema arancelario, o cal dificulta o comercio exterior do pescado e marisco galego, sumado á deficiente rede de transportes da que gozaba España, quedando Galicia *illada*. Esta carencia na rede de transportes española lastraba as posibilidades de xerar os beneficios potenciais que se poderían acadar co comercio dos produtos galego provenientes do mar (Dopico, 1978). A política arancelaria servía como medida proteccionista para certas rexións, mais para Galicia supoñía unha enorme traba para o seu progreso económico. A modo de nota final no relativo á pesca e marisqueo, algúns ilustrados consideran moi prexudicial esta política arancelaria no relativo ao comercio de pescado co país veciño, Portugal.

Por último, cómpre mencionar brevemente o pensamento encol da explotación forestal por parte dos ilustrados galegos (Dopico, 1978). Encol deste subsector, o debate era o seguinte: a defensa do monte comunal fronte á privatización dos montes. No primeiro bloque, encádranse autores como Labrada e Pereira Marcelino, os cales cren que o monte comunal é outra manifestación dos beneficios que supón o cooperativismo. Ambos autores defenden a capacidade de dita forma organizativa de xerar riqueza para todo o conxunto da poboación, ademais de considerar que este mecanismo axudaría a mellorar a produtividade dos montes e evitar terreos baldíos. No outro grupo, atopamos autores coma Somoza de Monsoriú e Jaspe, que defenden a privatización do monte para que desta forma, cada propietario da súa parcela explote a mesma segundo considere.

2.1.2 Alfredo Brañas

Alfredo Brañas, pode ser considerado o precursor do nacionalismo galego. Na súa obra *El Regionalismo* (Brañas, 1999), Brañas explica o movemento rexionalista e a necesidade de que Galicia (coma acontece no territorio vasco e no catalán) acade certa autonomía para poder xestionar dunha forma eficiente os seus recursos. En canto á influencia en Castelao, o autor rianxeiro considera a Brañas o pai do galeguismo, sen o cal os labores realizados polo Partido Galeguista non serían posibles.

En canto ao que é de interese para o presente estudo; é dicir, o pensamento económico de Alfredo Brañas, cómpre salientar que tanto Brañas coma Castelao defenden o mundo rural e consideran as actividades que nel se desenvolven (as relativas ao sector primario) coma as fundamentais para o desenvolvemento e crecemento económico de Galicia.

Para Brañas, o elemento primario que rexe unha economía é o factor traballo, e polo tanto, é en torno a dito factor onde se deben priorizar as decisións políticas en materia económica. É dicir, o xerar cambios no factor traballo, terá como consecuencia, cambios positivos no conxunto do sistema económico dunha sociedade (Beiras Torrado, 2008)

En resumo, para ámbolos dous autores²⁷, en Galicia non se pode producir unha industrialización se non se logra, primeiramente, fortalecer as actividades do sector primario (Beramendi, 1998). Para acadar ese fortalecemento, Castelao adopta unha postura similar á de Brañas: a organización da actividade tanto no campo coma no mar, debe seguir un modelo cooperativista (Beramendi, 1998), o cal tal e como xa se ve anteriormente, continúa o pensamento proposto por algúns economistas ilustrados.

Por outra banda, e tal e como se verá posteriormente no epígrafe centrado na figura de Alexandre Bóveda²⁸, Brañas opta por levar a cabo unha reforma en materia fiscal, coa finalidade de que os galegos paguen unha cota de impostos “*máis xusta, acorde á situación do campesiñado*” (Beramendi, 1998). Tamén, avoga por levar a cabo reformas en canto á distribución da terra ou o proceso de industrialización galego (Beramendi,

²⁷ Así como para outros autores que seguen a liña proposta por Brañas e Castelao, coma por exemplo, Xosé Manuel Beiras

²⁸ Ideas das cales fará uso Castelao e as expoñerá posteriormente en *Sempre en Galiza* (Castelao, 2001).

1998)²⁹. Pese a todo, é necesario comprender co legado fundamental de Alfredo Brañas está ligado ao eido da política e non da economía.

2.1.3 Lois Peña Novo

Lois Peña Novo (1893 -1967) foi unha das personalidades máis importantes na análise económica de Galicia a comezos do século XX, cunha ampla produción escrita encol da mencionada ciencia social. Ademais, e en relación co presente estudo, Lois Peña Novo foi de gran axuda para Castelao e coetáneos na fundación do Partido Galeguista e á hora de expresar o seu ideario político. De feito, gran parte da obra do vilalbés servíulle a Castelao como soporte ao seu ideario económico³⁰.

O pensamento económico de Lois Peña Novo nace a raíz da súa participación na Liga de Acción Gallega³¹ (Roca Cendán, 1982) da man de personaxes coma Basilio Álvarez. Posteriormente pasaría a formar parte das Irmandades da Fala xunto cos irmáns Vilar Ponte entre outros, ata integrarse, xa a inicios dos anos 30, no Partido Galeguista. Finalmente, e ca instauración da ditadura, viuse obrigado a permanecer en silencio e apenas escribiu artigos de índole económica ou política (dende o prisma do galeguismo). Porén, iso non implica o poder considerar a Lois Peña Novo coma unha das figuras máis importantes do galeguismo e do estudo económico de Galicia. Unha vez exposto unhas breves pinceladas biográficas, dáse comezo exposición do pensamento económico de Lois Peña Novo.

En primeiro lugar, en canto ao sector agrogandeiro, e ao igual que Castelao, tal e como veremos posteriormente, Lois Peña Novo avoga polo cooperativismo dos labregos, xa que isto permitiría un aumento da produtividade da terra, e por conseguinte, unha mellora na situación económica do propio labrego e por ende, da economía galega (Roca Cendán, 1982)³². Para lograr o mencionado feito, Peña Novo delimita o ámbito

²⁹ Para xustificar ditas ideas, Brañas apóiase nos escritos dos ilustrados galegos. Estes pensamentos están recollidos no epígrafe anterior grazas á obra de Fausto Dopico (A Ilustración e a sociedade galega, 1978)

³⁰ Cómpre sinalar que o seu ideario económico e político tiña moitas similitudes, feito que queda manifestado en que ambos personaxes foron membros da cúpula directiva do Partido Galeguista.

³¹ A Liga de Acción Gallega eran grupos rexionalistas e agrarios que loitaban pola defensa do agro galego, opoñéndose ao sistema caciquil e procurando a redención de foros; coa finalidade de mellorar a situación do labrego galego. De gran repercusión no primeiro decenio do século pasado, comezou a decaer o seu impacto en torno a 1912 – 1913.

³² Como se pode observar, a cuestión do cooperativismo como solución ao agro galego parte do exposto por algúns dos economistas galegos ilustrados.

de actuación da cooperativa labrega á figura da parroquia (vital para entender a idiosincrasia da sociedade galega).

Por outra banda, o vilalbés manifesta a necesidade de que o labrego coñeza mellor a terra que está a traballar; así como os métodos de cultivo e alimentación máis eficaces e eficientes para que a súa explotación mellore en termos produtivos. Esta última apreciación entronca coa labor realizada por Gallástegui (Roca Cendán, 1982). Porén, débese mencionar que Lois Peña Novo demostra con datos nalgúns artigos, como o aproveitamento da terra en Galicia é superior ao resto de España (Roca Cendán, 1982). Desta forma demostra algo xa comentado por numerosos galeguistas: Galicia presenta unha realidade económica diferente ao resto de España e polo tanto, demanda unha maior autoxestión dos recursos. A modo de exemplo, recolleemos os datos descritos polo propio Peña Novo en forma de gráfico.




Gráfico 4 – Número de cabezas de gando por km² ³³

Outro dos temas recorrentes na produción escrita de Peña Novo é a necesidade da redención dos foros (Roca Cendán, 1982). En primeiro lugar, para o vilalbés os foros corrompen a liberdade da terra. Sen dita liberdade, considera moi complicado que a labor levada a cabo polo labrego sexa o produtivamente desexable. A redención dos foros suporía unha mellor distribución e organización da terra, coa súa incidencia nun maior rendemento económico do agro. Encol da cuestión dos foros, Peña Novo considera que a produción agraria en Galicia debería apostar pola horticoltura, máis cre

³³ (Roca Cendán, 1982, p. 133)

que para iso o agro galego cómpre estar mellor formado e existir un maior número de labregos adicándose a ese tipo de cultivo.

Por outra banda, observa como o pago en especie, a través de centeo, aos terratenentes é prexudicial para a economía galego pois: primeiro, o cultivo do centeo come extensión cultivable a outros cultivos; e segundo, a produción do centeo é antieconómica.

Como solución á redención de foros, Lois Peña Novo avoga por deixar a propiedade da terra en mans dos labregos, xa que son estes quen a cultiva. Porén, isto non implicaría a expropiación da terra en prexuízo dos terratenentes. Estes recibirían unha pensión para compensar o trasbase da propiedade das terras que anteriormente posuían. Para acadar dito fito, o vilalbés considera que estas medidas deben irse aplicando de forma progresiva, de forma que os cambios vaian asentándose paulatinamente na sociedade labrega.

A maiores, e a modo de apuntamentos finais en materia agrogandeira, hai que mencionar que nos seus escritos, Lois Peña Novo, comenta aspectos que inciden no agro galego. Por exemplo: a cuestión arancelaria. Tamén criticada por Castelao, e mesmo polos economistas ilustrados, considerándose causa dalgúns dos males que padece o labrego galego. O motivo radica en que, se ben é certo que esta política arancelaria é beneficiosa para os grandes latifundios andaluces e casteláns; para un sistema agrario baseado no minifundismo, supón unha traba que mina as posibilidades produtivas dunha determinada explotación. Ben porque impide o comercio exterior dos produtos producidos; ben porque os costes arancelarios implican a produción dese cereal/cultivo que non se pode adquirir ³⁴. (Roca Cendán, 1982).

En canto ao sector pesqueiro, Peña Novo avoga (ao igual que se debería realizar no agro galego) por fomentar a formación da poboación activa, tanto actual como futura, nas labores que desemprega un mariñeiro no mar. O razoamento exposto é sinxelo: a maior formación, maiores posibilidades de introducir cambios na tarefa produtiva para lograr un rendemento máis eficiente (Roca Cendán, 1982).

Ademais, Lois Peña expón que o sector mariñeiro ten que sufrir unha serie de renovacións tecnolóxicas (industrialización) para continuar a medrar e, desta forma, seguir erixindo a Galicia como o lugar de referencia do sector pesqueiro en España

³⁴ Este feito provoca que certas explotacións, ou parte delas, sexan pouco produtivas ou ineficientes, debido á necesidade de dedicarse ao cultivo de, por exemplo, centeo para o seu uso coma forraxe.

(Roca Cendán, 1982)³⁵ ³⁶. Por outra banda, e como medida colateral ao desenvolvemento do sector pesqueiro galego, o vilalbés xustifica a necesidade de que o sistema de transportes que conecta Galicia co resto de España mellore para axilizar o transporte da materia prima fresca ao resto da Península Ibérica.

2.1.4 Alexandre Bóveda

Se houbese que seleccionar a unha única persoa coma a imaxe do galeguismo, ese sería Alexandre Bóveda (Álvarez Blázquez, 1992). Canto menos, así o considera o propio Castelao, o cal agradece en diversos pasaxes de *Sempre en Galiza* (Castelao, 2001) o legado de Bóveda na causa nacionalista³⁷. Ademais, para Castelao, Bóveda é o gran impulsor do Estatuto de Autonomía de Galicia e unha das persoas claves para comprender os mecanismos económicos que ía empregar Galicia tras a aprobación do Estatuto. De feito, e tal e como destacan algúns dos seus biógrafos (Álvarez Gallego, 1972) (Álvarez Blázquez, 1992), Bóveda percorre toda Galicia para explicarlle á xente o que supón a aprobación do Estatuto de Autonomía, e por ende, de todas as melloras que traerá para o conxunto da sociedade galega consigo a aplicación de dito documento.

Nos numerosos libros consultados³⁸, existe un denominador común á hora de definir o Bóveda economista: o seu amplo coñecemento en materia fiscal derivada dos seus anos como empregado de Facenda (Álvarez Blázquez, 1992). Nefeito, os seus informes en canto á realidade fiscal galega foron de gran axuda á hora de elaborar o Estatuto e de xustificar o porqué de certas medidas (Carballo, 1999). Foi no xornal *A Nosa Terra* (Gutiérrez, 2003), ligado ao ideario do Partido Galeguista³⁹, no que Bóveda ía explicando o proceso de elaboración dos mencionados informes, nos cales se manifestaban que Galicia non recibía un reparto equitativo nos presupostos estatais. É dicir, Galicia presentaba un saldo entre ingresos e gastos (inversións estatais)

³⁵ Nos seus escritos destaca que Galicia supón a terceira parte da produción pesqueira en España.

³⁶ Está idea encol da necesidade de industrializar o sector pesqueiro galego, continuará a ser desenvolvida por autores coma Paz Andrade ou González Laxe.

³⁷ En verbas de Castelao: “o motor da explosión do PG”

³⁸ Véxase, ben a bibliografía consultada, ben as diferentes citas que aparecen no presente epígrafe.

³⁹ De feito, Xosé Manuel Beiras (2008) o considera a personaxe máis importante para que a constitución do PG fose toda una realidade

deficitario: aportaba maiores ingresos fiscais ás arcas estatais que a cantidade recibida por parte dos orzamentos xerais.

Unha mostra do explicado ata agora, podería ser o seguinte gráfico, onde podemos ver o gasto realizado por habitante en Galicia en comparación co resto de España (datos de 1931) (Carballo, 1999, p. 35).




Gráfico 5 - Comparativa gasto público por habitante entre Galicia e España

Outro dos grandes cambios propostos por Bóveda consiste en substituír aqueles impostos indirectos, que supoñen unha carga adicional para toda a poboación, sen distincións encol da situación económica de cada familia, por un imposto directo e progresivo que grave a cada persoa en relación coa súa riqueza e capacidade adquisitiva, establecendo un modelo máis equitativo e xusto para o conxunto da sociedade (Beiras Torrado, 2008).

A continuación móstrase un gráfico, que reflicte, a golpe de vista, o analizado por Bóveda:




Gráfico 6 - Saldo entre a cantidade recadada e gasta en Galicia no ano 1931

Relacionado con esta última referencia, Bóveda tamén demostra como a proporción en canto ao pago dos impostos non é proporcional. Para iso, basta con amosar este gráfico comparativo (en termos relativos); así como a táboa cos datos empregados (Pena Beiroa, 2001, p. 45)⁴⁰ da proporción pagada polas Vascongadas⁴¹ e pola proporción pagada por Galicia⁴².

	IMPOSTO POR UTILIDADES	CAPITAL BANCARIO	PROPORCIÓN
GALICIA	6.867.073,00	100.000.000,00	6,87%
VASCONGADAS	16.805.000,00	2.000.000.000,00	0,84%

Táboa 1 - Proporción entre o gasto polo imposto por utilidades e o capital bancario de Galicia e as Vascongadas (datos de 1936)




Gráfico 7 - Proporción entre o gasto polo imposto por utilidades e o capital bancario de Galicia e as Vascongadas (datos de 1936)

Ademais, dita reforma traería consigo unha serie de cambios en canto ao organigrama da Administración facendística. O obxectivo era, polo tanto, crear unha infraestrutura ou readaptar a xa existente, nun modelo máis eficiente e áxil, implicando menores custos por parte das Administración Públicas⁴³.

⁴⁰ Correspondentes ao ano 1936 e valores en pesetas.

⁴¹ Sinónimo de País Vasco e Euskadi.

⁴² A relación establecida é entre o imposto por utilidades e o capital bancario de cada sociedade.

⁴³ Encol a esta reforma, autores como Xosé Manuel Beiras (2008, p. 57) destacan a intelixencia; así como a súa profesionalidade para demostrar que dita reforma é beneficiosa para os galegos

Outro dos cambios é o concepto de contribuínte. É dicir, quen é o contribuínte? Para Bóveda, o contribuínte é a familia, non a persoa. Por outra banda, a minuciosidade coa que Bóveda deseñou dita proposta de reforma fiscal maniféstase na detallada planificación para ir implantando toda a serie de cambios de forma gradual e progresiva, para que tanto o funcionariado coma a sociedade galega, tivese tempo de irse adaptando aos cambios efectuados.

Mais, o imaxinario económico de Bóveda non remata coa reforma fiscal. Tamén propón a creación do Banco de Galicia, co obxectivo de facilitar vías de financiamento para labregos e mariñeiros; os denominados cretos agrarios e marítimos. Esta vía de financiamento tería como obxectivo facilitar a modernización e renovación das explotacións para impulsar o desenvolvemento económico de Galicia e aumentar a produtividade das actividades desempeñadas tanto na terra como no mar; co conseguinte beneficio para o conxunto da sociedade galega.

Retomando o concepto do Banco de Galicia, esta institución debía ser entendida coma unha entidade de banca pública, é dicir, que vele polos intereses do conxunto de toda a sociedade. Ademais das labores clásicas dun banco tradicional, é dicir, a xestión do aforro dos axentes económicos; o Banco de Galicia, como institución pública que sería, estaría encargado de xestionar a tesourería de Galicia, así como levar a cabo a política monetaria galega. Para Bóveda, o Banco de Galicia é unha peza chave para o correcto desenvolvemento da reforma fiscal. En canto á idea da creación do Banco de Galicia, esta ten o seu xerme na experiencia laboral de Bóveda na creación e primeiros comezos da Caixa de Aforros de Pontevedra⁴⁴ (Pena Beiroa, 2001).

Centrándose no mundo agrogandeiro, Bóveda considera como o obxectivo primordial para a mellora da situación do labrego, a redención de foros, o gran lastre do agro. Mentres que, en canto á actividade pesqueira, Bóveda cre que a solución está na creación de cooperativas mariñeiras (ao igual que se debe facer no agro); así como a repoboación de rías e creación de piscifactorías naturais para engadir maior valor ao conxunto da produción galega e aproveitando a riqueza dos recursos cos que goza Galicia. Cómpre mencionar que a idea de organizar os labores no mar e no campo en forma de cooperativas provén das lecturas de Toniolo e de Díaz de Rábago (Pena Beiroa, 2001), autores que xa mencionaban este tipo de organización para os sistemas

⁴⁴ A Caixa de Aforros de Pontevedra tiña como obxectivo, e en liña da creación de distintas caixas de aforro de Santiago, Vigo ou A Coruña, permitir o acceso ao crédito a aqueles grupos sociais con dificultades de financiación. Nace a raíz da figura dos montes de piedade. Ademais, a Caixa de Aforros de Pontevedra tamén tiña como un dos seus obxectivos a realización de accións benéfico-sociais (Pena Beiroa, 2001).

de produción ligados ao sector primario. Por último, Bóveda avoga pola creación de centros de I+D en materia agrogandeira, en liña coas ideas de Cruz Gallástegui e Castealo.

2.1.5 Cruz Gallástegui

Gallástegui é outro dos autores que maior influencia tiveron no pensamento económico de Castelao. Coetáneo ao rianxeiro, este último o nomea en diversas ocasións ao longo de *Sempre en Galiza* (Castelao, 2001), destacando o labor de Gallástegui na análise e estudo científico dos cultivos e dos métodos de produción no agro, coa finalidade de levar a cabo toda unha serie de cambios que mellorasen a vida dos labregos galegos (Gallástegui, 1958)⁴⁵. Para iso, grazas á Misión Biolóxica de Galicia, institución e proxecto que sempre irá ligado á figura do vasco, Gallástegui puido levar a cabo as súas investigacións, que posteriormente serían divulgadas en libros, congresos e revistas (Cabo Villaverde, 1997).

Ao igual que moitos outros economistas que analizaron a situación económica de Galicia, e por ende, do sector agrogandeiro, Gallástegui consideraba tres motivos os causantes da pobreza e precariedade á que se vía sometido o labrego galego. O primeiro deses motivos é o gran denominador común de todos estas análises: os foros. Para Gallástegui, o primeiro paso para lograr un rendemento económico máis eficaz no agro pasaba pola redención dos foros; mais non é ese o único cambio que cómpre realizar. En segundo lugar, o fomento da formación do labrego é condición chave para que este saiba empregar as técnicas e cultivos idóneos segundo a tipoloxía da súa parcela. E o terceiro motivo é a necesidade de levar a cabo unha labor investigadora e divulgativa que permita coñecer mellor os cultivos e os mecanismos e ferramentas coas que se está a traballar a terra. De todos modos, e de cara a expoñer dunha forma máis clara a información, cómpre desenvolver estas ideas iniciais.

Grazas á labor realizada na Misión Biolóxica, Gallástegui demostra como, a partir dunha coherente e precisa combinación da intensificación do cultivo e da ampliación da terra cultivable, Galicia pode converter o cultivo do millo nun modelo de produción económico. En base ás estimacións realizadas, Gallástegui demostra como un maior coñecemento na produción do millo, coa súa conseguinte aplicación á realidade, supón

⁴⁵ Toda a información recollida neste epígrafe corresponde a esta cita. En caso, contraria, xa queda reflexado no propio texto.

un aumento de máis do 100% da produción, xerando un beneficio económico de 145 millóns de pesetas.

Chegados a este punto, debe plantexarse a seguinte cuestión: por que Gallástegui estudou detidamente a influencia do millo no modelo económico de Galicia? En base aos datos recollidos, Gallástegui demostrou que, pese a que Galicia producía en 1930 a metade da produción total de millo en España, éralle insuficiente para as necesidades do labrego galego, provocando que a produción do millo fora unha produción ruínosa. En relación con isto, outro elemento negativo para crear un modelo eficiente de produción é a importación de cereais. A modo de mención final encol do estudo do millo, é necesario destacar o labor efectuado por Gallástegui na Misión Biolóxica para desenvolver unha especie de millo híbrido que axudou a que as explotacións do agro galego fosen máis rendibles (Corporación Radio e Televisión de Galicia, 2009).

Tamén en materia de agricultura, Gallástegui aposta pola especialización das explotacións rurais na produción de froitas. Porén, o vasco cre que iso non é posible na situación do agro que el está a analizar. Basicamente, debido a que o propio labrego apenas explota unha cantidade suficiente de árbores froiteiras e que, ademais, non existe especialización. As árbores froiteiras son empregadas para o autoconsumo, carecendo, polo tanto, de fins mercantís. Para poder cambiar esta realidade, o investigador aposta pola intensificación do cultivo e máis por levar a cabo labores de investigación para coñecer mellor aqueles cultivos que realmente lle reporten un maior beneficio ao labrego. Outras mencións que cómpren recoller no presente traballo, son a creación de centros de formación e investigación agrícolas que permitan ir actualizando os sistemas de produción, para así, que estes manteñan, canto menos, a súa produtividade desexada.

Porén, pese a que Castelao comparte gran parte do exposto por Gallástegui, o rianxeiro discrepa nun aspecto primordial: a distribución da terra. Ambos comparten, primeiramente a redención de foros, mais Gallástegui avoga pola concentración parcelaria, é dicir, fomentar o cambio do minifundismo a unha forma máis próxima ao latifundismo⁴⁶; mentres que Castelao defende o minifundismo e opta polo cooperativismo á hora de mellorar a xestión do terreo cultivable.

No terreo da gandaría, o investigador manifesta que só a gandaría galega exporta ao resto de España por un valor de 300 millóns de pesetas; mais débese matizar que a

⁴⁶ Ligado á idea da combinación de intensificación do terreo cultivable e a ampliación deste, tal e como xa se mencionou ao inicio deste subepígrafe.

meirande parte da produción agrogandeira en Galicia ten como destino final o autoconsumo e o consumo interno.

Outro elemento negativo son os abundantes gastos que incorre o labrego galego para alimentar ao gando⁴⁷. Un exemplo deste acontecemento é a alimentación do gando porcino, demostrándose que o modelo de produción estudado por Gallástegui é antieconómico. Como solución a este modelo antieconómico, o investigador de orixe vasco considera como maior beneficio para o labrego a alimentación a base dunha mestura de fariña (cereais), chegando a xerar un beneficio final de 1'25 pesetas por cada quilo. .

Por outra banda, Gallástegui cre que o gandeiro galego debe especializarse na produción leiteira en vez da cárnica, xa que a produción de leite xéralle ao gandeiro un maior beneficio (un 79% máis beneficiosa)⁴⁸. Para dar apoio a esta especialización, Gallástegui avoga pola creación tanto dunha escola de veterinaria, como dun laboratorio adicado, especificamente, á investigación da produción e industrialización do sector leiteiro. En canto ás labores veterinarias, a Misión Biolóxica ofrece a posibilidade de vacinar ao gando⁴⁹, xa que este feito redúcese o risco de acadar beneficios na produción gandeira.

Por último, mencionar que, en materia de explotación forestal, Gallástegui esixe que naqueles casos onde o monte sexa comunal, debe ser o propio Estado quen leve a cabo as tarefas de repoboamento forestal.

⁴⁷ O cal entronca coa produción de millo comentada anteriormente.

⁴⁸ A importancia do sector leiteiro en Galicia manifestase nos datos recollidos en obras posteriores, tal e como se ve no *Epígrafe 3 – Derivas intelectuais*.

⁴⁹ De feito, e en verbas do propio Gallástegui, a vacinación cómpre que sexa obrigatoria.

2.2 Sempre en Galiza e outros textos de Castelao

Sempre en Galiza (Castelao, 2001) é considerado un dos ensaios en lingua galega máis importantes e no cal Castelao (escrito dende 1935 a 1940, divididos en varios libros os cales se compoñen de varios capítulos de extensión reducida) analiza a situación actual de Galicia dende o punto de vista político, socioeconómico, lingüístico-literario; así como histórico.

Antes de focalizar o análise en cada un dos subsectores primarios, e de forma moi resumida, cómpre comentar que Castelao avoga pola maior independencia da xestión de recursos galegos con respecto á relación de Galicia co Goberno central, propoñendo como solución a conversión de España nun estado federal.

En canto á problemática dos recursos primarios, tema central do presente estudo, é necesario mencionar que Castelao (2001) analiza determinados problemas colaterais que teñen a súa implicación no sector primario galego, como o sistema fiscal ou a rede de transportes deficitaria segundo o autor e que dificulta o comercio interrexional entre Galicia e o resto do territorio nacional.

Por outra banda, foron moitos os autores que se propuxeron como obxectivo o estudo do pensamento económico de Galicia de Castelao, recollendo e realizando unha análise crítica do seu ideario. Un exemplo do comentado neste parágrafo é o autor Fernández Caínzos (2001). No libro citado, vai percorrendo o análise exposto tanto en *Sempre en Galiza* coma noutras achegas da obra do rianxeiro. Primeiramente, incide nos dous piares sobre os que se sustenta o pensamento de Castelao: a propia historia de Galicia como causa do atraso económico de Galicia⁵⁰; así coma a propia estrutura económica, asentada no sector primario e na defensa, por ende, de labregos e de mariñeiros. Porén, o primeiro paso para acadar certa capacidade de autogobernación pasa pola aprobación do Estatuto de Autonomía, tal e como se menciona no epígrafe relativo a dito feito político-histórico galego.

⁵⁰ Este termo sería tamén acuñado por Xosé Manuel Beiras na súa obra homónima.

2.2.1 Agricultura

Un dos sectores económicos nos que máis se detén Castelao á hora de ilustrar o seu pensamento económico é o da agricultura. Para o escritor rianxeiro, a agricultura (xunto ca gandería) deben ser a base do sistema económico galego e o lugar por onde cómpre iniciar unha serie de cambios e axustes a nivel lexislativo e político para que, desta forma, a situación dos labregos sexa máis próspera. Porén, para o rianxeiro, “*a terra galega está esnaquizada*” (Castelao, 2001, p. 22)

Para comezar, Castelao manifesta as diferentes realidades que existen na agricultura española. Sen ir máis lonxe, a propia extensión dos terreos de labranza: mentres que en Galicia predomina o minifundismo, no sur español predomina o latifundio. Este feito, ten varias implicacións para Castelao. A primeira, consiste na aplicación de distintos modelos de explotación do campo, sendo a forma ideal no agro galego o cooperativismo, mentres que para os latifundios o colectivismo (Castelao, 2001). Por outra banda, a segunda implicación é a dura crítica de Castelao á Lei da Reforma Agraria de 1932⁵¹. Á hora de xustificar empiricamente as consecuencias negativas que ten unha política centralista na agricultura galega, Castelao (2001) toma prestado o exposto por Gallástegui nos seus estudos sobre a agricultura, xa comentados no subepígrafe anterior.

Para o rianxeiro a solución é a promulgación de leis diferentes segundo a natureza socioeconómica de cada territorio, en vez dunha política lexislativa unitaria para todo o Estado. Para que dita lei agraria galega sexa realidade, Castelao considera que debe ser o hipotético goberno galego quen xestione o agro da súa xurisdición. Para Castelao é necesario que a futura lei permita a expropiación, por parte do goberno galego, daqueles terreos improdutivos para, con posterioridade, cedelo a outros labregos que si saiban aplicar os cultivos e as técnicas de cultivo máis axeitadas para ese terreo.

Ademais, como medida para poder axudar ao labrego á mellora do rendemento da súa explotación, Castelao, tomando como referencia o exposto por Alexandre Bóveda avoga pola dotación por parte da Administración galega de axudas económicas que lle permitan ao labrego a adquirir aquelas ferramentas e maquinaria necesaria para a mellora da rendibilidade da súa explotación; ou ben, no caso dos arrendamentos, facilitar o pago do labrego das cotas do arrendamento ata que finalmente dito terreo arrendado pase a ser propiedade do labrego arrendatario (Castelao, 2001)

⁵¹ Xa analizada anteriormente no apartado 1.- *Contextualización*.

Por outra banda, e como medida colateral que fomente un maior fortalecemento do agro galego, Castelao propón reformas no sistema educativo galego. Estas reformas, a maiores de que o ensino sexa en galego, consisten en implantar nas escolas rurais sistemas de formación en materia agraria. O obxectivo desta medida é servir de freo ao éxodo rural, posibilitando que a xente máis nova quede no rural e, a maiores, fomentar o desenvolvemento competitivo da agricultura e gandaría galegas (Castelao, 2001).

En relación con isto, tamén destaca a labor da Misión Biolóxica⁵² (Castelao, 2001) como institución que fomenta o desenvolvemento tecnolóxico e científico das técnicas e cultivos. Isto permite desenvolver vantaxes potencialmente competitivas e beneficiosas para o conxunto da sociedade galega (tanto en termos demográficos coma en termos económicos). Ditos centros de investigación estarían distribuídos nas catro provincias galegas segundo as características propias de cada territorio. Por exemplo, en Lugo estaría localizado o centro adicado á investigación das explotacións de forraxe para o gando; mentres, que por pór outro caso, en Ourense estaría centrado na viticultura.

2.2.2 Gandaría

Moitas das ideas encol da gandaría na obra de Castelao, están ligadas ao xa exposto no apéndice anterior, o cal versaba sobre a agricultura: como por exemplo, a propiedade das terras.

En canto a aspectos concretos que prexudicaban á gandaría galega, Castelao critica o acordo bilateral de comercio de carne bovina entre España e Uruguai, o cal non se aplicou finalmente *“porque a voz carraxuda de Galiza furou os tímpanos da capital da República”*. Por outra banda, e de cara a profundizar nas implicación que tiña dito tratado co Uruguai, destacar que o mencionado acordo implicaba a entrada de carnes conxeladas no mercado nacional español, co conseguinte abaratamento dos custes; en contraposición dunha gandaría galega que producía carne fresca e a cal carecía de técnicas de conxelado.

Para Castelao, resulta inconcibible que o Estado español optase por incentivar o comercio exterior con Uruguai, poñendo en risco a economía local de pequenas familias adicadas á gandaría, coma era o caso de Galicia (Castelao, 2001); así como non permitir certo marxe de manobra para que o gandeiro galego puidese levar a cabo as transformacións necesarias para seguir sendo competitivo.

⁵² Recordar que Gallástegui foi director da Misión Biolóxica de Galicia

Ademais, Castelao expón, partindo das ideas de Rof Codina, que os aranceis do estado español son prexudiciais para o gando galego, concretamente na produción de millo. Segundo Rof Codina, e transcrito por Castelao, a Galicia resultarlle máis produtivo substituír a produción de millo por outro tipo de cultivo de forraxe e importar o millo de América. A consecuencia deste cambio produciría unha mellora da produtividade do gando galego (Castelao, 2001)

Por outro lado, cómpre mencionar que a Misión Biolóxica, da cal xa se analizou con anterioridade noutros epígrafes do presente traballo, tamén tiña as súas implicacións na investigación da gandaría galega de cara a convertela nun sector máis competitivo e produtivo (Castelao, 2001). Recollendo as conclusións dos estudos realizados por Gallástegui, Castelao amosa como para o agro galego é máis beneficioso cambiar a alimentación do gando (neste caso o porcino) para así mellorar o rendemento económico encol da produción cárnica resultante.

A maiores da Misión Biolóxica, Castelao propón a creación dun organismo puramente ligado á gandaría, a cal estea integrada por diferentes personalidades do sector (expertos, científicos, etc.) que permitan levar a cabo tanto controis da calidade da produción, como divulgacións de todas aquelas achegas científicas resultantes, podendo mellorar o rendemento das explotacións gandeiras mediante a aplicación práctica de ditas achegas. Por último, mencionar que Castelao opta pola especialización no gando vacún.

2.2.3 Pesca e marisqueo

Castelao pensa que a pesca galega viuse afectada polo proceso de *industrialización*⁵³ que tornou o antigo modelo cooperativista polo que se rexía a pesca da frota galega. Dita *industrialización*, manifestada na industria conserveira, ten efectos correlativos que afectan a todo o sector, tanto a nivel económico como a nivel organizativo. A seguinte gráfica (8) mostra o organigrama do sector pesqueiro galego.

⁵³ Cursiva do propio autor do traballo. Autores como Paz Andrade criticaron as carencias de Galicia á hora de xerar un proceso de industrialización do sector pesqueiro galego de seu. De aí, que se opte por matizar o emprego de industrialización por parte de Castelao. Realmente, Castelao manifesta a súa preocupación polos cambios organizativos xurdidos no sector pesqueiro galego.



Gráfico 8 - Organigrama do sector pesqueiro

A raíz desta gráfica existen dous tipos de relación, inversas na súa dirección á hora de interpretala. A primeira, dende un punto da cadea produtiva, a cal comeza dende a base ata chegar ao cumio⁵⁴. E a segunda lectura, á inversa (dende o cumio á base); dende o punto de vista de dependencia entre os axentes

implicados, á cal fai referencia Castelao. El expón que unha política exterior inadecuada vai contaxiando negativamente a cada un dos eslabóns produtivos da cadea de valor do sector pesqueiro galego, especialmente á base (Castelao, 2001).

Por outra banda, Castelao cre que mentres non se mellora a rede de transportes que conecte Galicia co resto do Estado español, para comercializar produtos frescos e non conxelados, o sector galego non será todo o competitivo que realmente pode ser. Sen esa mellora resulta imposible, en verbas de Castelao, que o sector pesqueiro converta os seus portos en referencias da vertente atlántica.

Se ben é certo que seguen a existir os diferentes conceptos xerárquicos no organigrama pesqueiro (patrón, mariñeiro, etc.), o rianxeiro pregúntase pola inexistencia dalgún tipo de sistema de seguros ante os naufraxios dos navíos galegos. Este feito está correlativamente relacionado coa situación agropecuaria, onde tamén é inexistente. É dicir, a perda da explotación/embarcación supón unha perda económica á hora de non volver a dispor dese medio de subsistencia, co conseguinte lastre para as familias que dependían desa explotación/embarcación (Castelao, 2001).

2.2.4 Explotación forestal

No eido da explotación forestal, Castelao destaca que a súa improdutividade deu comezo no momento no que Felipe II levou a cabo a tala masiva da masa forestal galega. Cómpre recordar que para Castelao, a explotación forestal é a fonte de riqueza

⁵⁴ Cómpre matizar que, loxicamente, non toda a captura é destinada ao comercio exterior. Parte destínase ao propio comercio interno.

do territorio galego⁵⁵. Ademais, recollendo as ideas de Portela Valladares⁵⁶ (Castelao, 2001), dita tala é considerada como unha expropiación inxusta. De non cometerse, a sociedade galega disporía dunha maior riqueza, xa que ningún dos dous políticos pon en dúbida a repoboación do monte galego por parte daqueles que o estaban a explotar; coa conseguinte perpetuidade no tempo de beneficios.

⁵⁵ Famosa é esta cita do rianxeiro: “*Val máis unha Terra con albres non montes que un estado con ouro nos bancos*” (Sempre en Galiza, 2001, p. 194)

⁵⁶ Político galego (1987-1952) con participación activa no desenvolvemento da II República. De feito, chegou a ser presidente do goberno republicano (escasamente 2 meses en 1935) (Tamanes, 1973, p. 173)

3. Derivas intelectuais

O presente epígrafe céntrase en estudar e analizar as aportacións realizadas por outros autores encanto á cuestión dos recursos primarios en Galicia. Porén, cómpre mencionar dous aspectos previo o estudo detallado de ditos autores. En primeiro lugar, neste apartado están encadrados autores cuxa obra foi realizada e publicada posteriormente á de *Sempre en Galiza* de Castelao (2001). E, en segundo lugar, óptase por dividir as diferentes derivas intelectuais en dous bloques. Un primeiro bloque no que se analiza a obra de determinados autores chave para entender a análise da economía galega en termos globais, e sobre todo, porque as cuestións abordadas por estes economistas están fortemente relacionadas entre si. En un segundo bloque no que se retoma o modelo empregado no segundo epígrafe do presente traballo; é dicir, agrúpase a información nos diferentes subsectores do sector primario. Polo tanto, neste segundo bloque, atópanse obras e autores cuxa obra centrase en cuestións máis concisas e específicas.

3.1 Autores relevantes no pensamento económico da segunda metade do s. XX

Tal e como se expuxo na introdución deste terceiro apartado, cómpre comezar co análise dalgunha das obras e autores chave para comprender o pensamento económico galego da segunda metade do século XX. Óptase, neste caso por encadrar neste subepígrafe, as figuras de Paz Andrade, Isla Couto e Beiras Torrado.

3.1.1 Valentín Paz Andrade

Valentín Paz Andrade é unha das personaxes máis polifacéticas da historia de Galicia, especialmente dende a óptica da economía. Escritor, poeta, economista, político ou empresario son algunha das labores desempeñadas polo galego. En relación ao que compete o presente traballo, pódese afirmar, sen dúbida algunha, que a obra de Paz Andrade é vital para comprender a realidade económica galega, especialmente a do sector pesqueiro.

Paz Andrade, ante todo, manifesta e defende o enorme potencial que ten Galicia para converterse nunha rexión relevante economicamente. Para acadar a mencionada relevancia cómpre que Galicia experimente toda unha serie de cambios que mitiguen a diferenza existente entre realidade e potencialidade⁵⁷ (Paz Andrade, 1959).

Como a meirande parte dos estudos encol da realidade económica galega, Paz Andrade parte da problemática da emigración (Paz Andrade, 1959). A redución da emigración, provocaría un aumento da poboación activa, mais este incremento da poboación activa cómpre que sexa absorbido polos sectores secundarios e terciarios, xa que o sector primario non ten a capacidade suficiente para absorber a totalidade de dita poboación activa. Para facilitar esta absorción, o economista insta á creación de novos núcleos urbanos, coa conseguinte creación de industria e de sector servizos⁵⁸. Ademais, cómpre ser conscientes que a maior mecanización e tecnificación do agro galego, implica unha substitución do factor traballo en favor do factor capital⁵⁹.

En canto ao agro galego, Paz Andrade califica ao campo galego coma un sector subdesenvolvido (Paz Andrade, 1959), ao igual ca outros economistas coma Beiras, Pérez Touriño ou Fernández Leiceaga. Ademais, compara Galicia con países coma Holanda ou Dinamarca en base á poboación activa que traballa no campo, onde os datos estatísticos son similares. Porén, dito volume de poboación activa (en torno ao 10% do total español, en base a datos dos anos cincuenta) non se reflicte en termos de produción (tan só o 7% de media da produción total española, tamén en base a datos dos anos cincuenta). Polo tanto, pódese observar como o modelo produtivo do agro galego é ineficiente. Afirmación que se corrobora en base á relación da superficie

⁵⁷ Estes cambios, en verbas do economista, deben levarse a cabo mediante a integración de Galicia nos cambios imperantes na sociedade mundial, é dicir, integrar Galicia nos engraxes capitalistas e industriais, tal e como defenderán posteriormente outros autores coma Pérez Touriño e Colino.

⁵⁸ Paz Andrade menciona e comparte o estipulado por Faraldo: considerar a Galicia, no seu conxunto, coma una segunda Lisboa.

⁵⁹ Polo tanto, aínda maior volume de poboación activa que debe absorber o sector secundario e terciario.

cultivada. Tan só é cultivada unhas 526.700 Ha do territorio galego, mentres que unhas 2.164.600 Ha non son cultivadas (destinándose ben para a produción de madeira arredor dun 55% de dita extensión, e arredor dun 45% con fins gandeiros).

Outro aspecto no que Paz Andrade se detén á hora de analizar o agro galego é as características das explotacións agrarias, concretamente encol da extensión do terreo. Segundo os datos manexados, na década de 1950, o economista reflexa coma en Galicia, cada explotación agraria está conformada, de media, por unhas 16 parcelas por propietario; así como que en total, en Galicia hai máis de 15 millóns de parcelas destinadas ao sector primario. Todo isto pódese resumir nun único termo: minifundismo.

Por outra banda, co obxectivo de aumentar a produción e produtividade do agro galego, Paz Andrade avoga pola roturación dos montes galegos, coa conseguinte ampliación do territorio destinado ao pastoreo e ao cultivo. Este aumento é vital segundo o economista, xa que, atendendo aos datos estatísticos, Galicia atópase no último posto en renda por traballador en España; mais en termos de produción total, é unha das comunidades máis destacadas. Novamente, atópase unha nova manifestación, nesta asincronía entre produción e renda, do carácter de subdesenvolvemento do agro galego.

Por último, no seguinte gráfico (9), recóllese a distribución da produción galega nos anos cincuenta, co fin de reflexar a estrutura económica do agro galego nestes anos.




Gráfico 9 - Estrutura económica do agro galego nos anos cincuenta (Paz Andrade, 1970)

En canto á pesca, Paz Andrade afirma que é un sector máis próspero e produtivo ca o agro galego. Para formular dita afirmación, o autor apóiase nunha serie de feitos relevantes para entender a relevancia da pesca: en primeiro lugar, a maior influencia do factor capital nos procesos produtivos pesqueiros, como son a aparición dos buques conxeladores. En segundo lugar, o papel protagonista da pesca galega tanto en termos de produción (producindo en 1968 arredor do 37% do total español), como volume de frota e man de obra (arredor do 50% do total español en ambos casos). Este feito tamén

se traslada ao sector industrial, onde a industria conserveira galega supón o 50% da produción estatal, mais o autor manifesta a súa preocupación encol da dimensión de dita industria, calcificándoa de “minifundismo industrial” (Paz Andrade, 1970).

Por outra banda, e analizando a situación da pesca mundial, o economista avoga por unha maior racionalización do volume de capturas⁶⁰, permitindo desta forma, unha autorenovación dos recursos existentes no mar, co fin de evitar a sobreexplotación e, sobre de todo, de cara ao futuro, evitar o descenso da produción (Paz Andrade, 1970).

Como se pode observar, xa nos anos setenta, o economista galego avogaba por unha economía sostible, respectando o maior posible a explotación dos recursos que ofrece a natureza, tema en boga actualmente, cincuenta anos despois das manifestacións realizadas por Paz Andrade. Esta idea dunha produción sostible, vese reforzada no momento no que o economista tamén manifesta a súa preocupación por unha xestión sostible dos residuos e desperdicios xerados en dito proceso produtivo pesqueiro (Paz Andrade, 1970).

Seguindo co análise do exposto por Paz Andrade encol do sector pesqueiro galego, este destaca o papel importante que tivo o factor capital na mellora da frota e do proceso produtivo do sector pesqueiro. Porén, o autor matiza que dita renovación fíxose posible grazas á autofinanciación por parte dos donos da frota galega, pois a política estatal de axudas financeiras para o sector pesqueiro primaban o arreglo daquelas embarcación que sufrirán algún tipo de sinistro nalgunha faena, en detrimento de aplicar as melloras tecnolóxicas ao modelo produtivo (Paz Andrade, 1970).

Todo o estudado ata o momento por Paz Andrade entronca co análise da integración do sector primario nos mecanismos industriais e capitalistas. A modo de resumo, e tal e como veremos en autores posteriores, esta inserción do sector primario no sistema capitalista céntrase no seguinte principio: substitución do factor traballo por factor capital, o que conleva a conseguinte tecnificación e mecanización do proceso produtivo (Paz Andrade, 1959) (Paz Andrade, 1970).

Para acadar dito cambio de realidade na economía galega, Paz Andrade elabora unha serie de recetario a seguir para a mellora do desenvolvemento económico galego. En primeiro lugar, entroncando co pensamento de Bóveda, defende un reparto dos Presupostos Xerais do Estado e unha política fiscal máis equitativa, atendendo á realidade galega (Paz Andrade, 1959).

⁶⁰ Proposta que tamén avogarán economistas posteriores, como González Laxe e Pardellas.

En segundo lugar, dito proceso de industrialización debe vir da man do desenvolvemento da industria hidroeléctrica, sendo as provincias de Lugo e Ourense as grandes produtoras de enerxía eléctrica (Paz Andrade, 1959).

Ademais, a modo de reflexión final, o economista considera de vital importancia a xestión en política demográfica do avellentamento e despoboación do rural galego, especialmente debido a que, ao longo prazo, estes feitos terían como consecuencia o progresivo abandono das terras, prexudicial para o desenvolvemento económico de Galicia.

3.1.2 Xaime Isla Couto

Xaime Isla Couto (1915 – 2012) foi un dos economistas, políticos e escritores galegos máis destacados do último século. Ademais das súas obras en materia económica, coma a obra empregada á hora de analizar o seu pensamento económico, *Construír Galicia* (1992); o compostelán tivo un papel decisivo á hora de fundar e desenvolver a labor editorial. Manifestacións desta última afirmación, queda reflexado na súa importancia para o desenvolvemento da Editorial Galaxia, a revista *Grial* ou a *Revista de Económica de Galicia*, da cal foi director.

Ao igual que Castelao, Xaime Isla defende o minifundismo imperante no agro galego; porén cre que é necesario iniciar en Galicia un proceso de industrialización, o cal se debe realizar de forma progresiva para ir permitindo a adaptación do labrego, e así, impulsar a economía galega (Isla Couto, 1992). Para o economista, e tal e como tamén é definido por Beiras, Galicia é un territorio “*atrasado economicamente*”. Ademais, o autor entende Galicia como unha grande urbe, xa que, tal e como expón, Galicia carece dun tecido urbano que propicie a xeración de capitais cos que iniciar este proceso industrial (Isla Couto, 1992).

No relativo ao modelo organizativo na economía galega, especialmente na agricultura, Isla Couto defende o cooperativismo coma o modelo óptimo para a economía galega, poñendo coma exemplo xustificativo o éxito do cooperativismo nos países nórdicos (Isla Couto, 1992) e mesmo dentro do territorio galego, coma no caso da explotación dos montes comunais (Isla Couto, 1992).

Ligando aos montes comunais, o economista considera que Galicia debe impulsar a riqueza dos montes galegos a través da industria madeireira (Isla Couto, 1992). Pola contra, considera que previamente, é necesario que exista un maior coñecemento da realidade da masa forestal galega e das oportunidades económicas que esta ofrece; así

coma a necesidade de que Galicia teña un maior peso nas políticas estatais encol da explotación forestal.

Ademais, a modo de apuntes complementarios encol da situación agraria, Isla Couto reflexiona sobre a importancia do sector primario como xerme do desenvolvemento do resto dos sectores da economía galega. É dicir, para o economista existe unha relación directa entre desenvolvemento agrario e desenvolvemento industrial.

Por outra banda, Isla Couto avoga por eliminar a forma administrativa do municipio, contraria á idiosincrasia galega, e empregar, por contra, a figura da comarca e da parroquia como entes gobernamentais a nivel local. Esta afirmación entronca ca defensa da parroquia realizada por outros economistas e políticos galegos como xa se viu anteriormente na figura de Castelao, por exemplo. Para defender dita afirmación, o autor explica as necesidades dunha xestión máis eficaz e eficiente dos recursos que dispón cada municipio. Ademais, para levar a cabo este cambio, o economista recolle unha serie de pautas ou accións necesarias para levar a cabo este cambio político-administrativo: realizar estudos previos en canto á estrutura económica de cada parroquia para comprender de primeira man a realidade de cada unha de elas (Isla Couto, 1992).

En canto á industrialización que debe producirse en Galicia (Isla Couto, 1992), Isla Couto confírelle ao sector do crédito, especialmente ás caixas de aforro, un papel chave para o desenvolvemento industrial galego. Por outra banda, e ligado tamén ao sector do crédito, o economista cre que en Galicia existe un baleiro encol do sector das finanzas; seguindo a liña de Paz Andrade e Bóveda, autores que avogaban pola creación dunha banca galega. Porén, Isla Couto matiza que a industrialización galega cómpre que sexa coherente coa realidade económica de Galicia. É dicir, o economista expón que a nacente industria galega debe garantir uns salarios dignos que eviten ou reduzan a emigración; así como a necesidade de levar a cabo unha reforma fiscal que beneficie o asentamento e desenvolvemento industrial galego. Por último, encol da industrialización galega, Isla Couto defende a necesidade de que cooperen tanto sector público e privado para fortalecer o desenvolvemento industrial galego (Isla Couto, 1992).

Por último, cómpre mencionar o pensamento de Xaime Isla Couto encol dun tema recorrente e vital para analizar a economía galega: a emigración (Isla Couto, 1992). Para o autor, cómpre levar a cabo unha labor de investigación previa á toma de decisións, pois desta forma pódese comprender mellor a realidade en clave económica de Galicia. Unha vez se ten realizada ditas investigacións, débese dar o seguinte paso: creación de

empresas e realización de inversións produtivas. En canto a este último elemento, o autor manifesta as malas decisións, dentro da perspectiva do desenvolvemento económico, realizadas polos emigrados á hora de decidir en que proxectos destinar os capitais acadados no estranxeiro (xeralmente en bens ou en actividades que apenas, ou simplemente non xeran rendementos). Para solucionar este feito, Isla Couta volve a retomar a importancia do desenvolvemento do sector do crédito en Galicia, o cal permita canalizar dito aforro dunha forma moito máis eficiente e beneficiosa para o conxunto da economía en Galicia.

3.1.3 Xosé Manuel Beiras Torrado

Xosé Manuel Beiras Torrado (Santiago, 1936) é un escritor, político e economista, que conta cunha ampla obra escrita encol da situación económica galega, entre a que destaca *Por unha Galicia liberada e novos ensaios* (2008) ou *O atraso económico de Galicia* (2014)⁶¹; así como as obras *El problema del desarrollo en la Galicia rural* (1967) e *Estructura y problemas de la población gallega* (1970)

Para Beiras, Galicia atópase nunha situación de atraso económico⁶², pese a que si se produce certo desenvolvemento económico. Porén, isto non implica que Beiras considere Galicia unha economía a mercé doutras economías dominantes, coma neste caso é a española. He aquí unha simetría co pensamento económico de Castelao, xa que ambos autores comparten os problemas que atinxen a Galicia nesa relación de dependencia co Estado español (Beiras Torrado, 2014). Por outra banda, e seguindo a liña proposta por autores coetáneos (Isla Couto e Paz Andrade), Beiras manifesta a falta de industria na estrutura económicas galega.

Mais cómpre retornar ao concepto de atraso económico. O economista galego expón que a frustración social, materializada na emigración; a rede de transportes e comunicacións con respecto a outras economías, o cal xera ese illamento comentado por Beiras; a situación político-administrativa, materializada nesa relación de dependencia coa política estatal; a falla de recursos, especialmente o capital que impide

⁶¹ Como se pode observar, no caso do *O atraso económico de Galicia*, emprégase para o presente traballo a última reedición do libro, mais cómpre sinalar que a data orixinal de publicación corresponde ao ano 1973.

⁶² Termo que será tamén foron empregados por autores coma Paz Andrade, Fernández Leiceaga, López Iglesias ,etc.; mesmo o propio Castelao.

o impulso industrial; e, máis a necesidade de realizar cambios no uso e propiedade da terra; supoñen de forma conxunta os síntomas do atraso económico galego.

Ao contrario que outros autores⁶³, Beiras cre que a solución do agro galego non é a concentración parcelaria. Considera o minifundismo como manifestación da economía de subsistencia existente no agro galego, optando polo cooperativismo coma solución idónea para un correcto desenvolvemento do mundo rural galego (Beiras Torrado, 2014). Por outra banda, ao igual que facía Castelao, Beiras opta por realizar un análise do evolución histórica de Galicia (Revolucións Irmandiñas, instauración do foro, etc.) para explicar a realidade actual na que non existe unha burguesía propiamente galega, o cal tamén é criticado por Paz Andrade, e cuxa existencia é necesaria para propiciar o desenvolvemento industrial en Galicia (Beiras Torrado, 2014).

A esta carencia existente en canto ao tecido industrial, cómpre sumar outro problema dende o punto de vista demográfico: a diverxencia entre urbe e campo. O mundo rural está sufrindo un retroceso en favor da consolidación das cidades. Para algúns analistas isto supón un factor manifesto de modernidade e desenvolvemento, mais para Beiras, seguindo novamente a liña de Castelao, a perda do mundo rural supón a perda dun dos núcleos económicos clave para o desenvolvemento económico xeral en Galicia (Beiras Torrado, 2014).

Para evitar dita perda do mundo rural, Beiras volve avogar polo cooperativismo e pola instauración de melloras no eido da tecnoloxía e da formación, tomando coma exemplo a filosofía económica proposta por Gallástegui. Por outra banda, en canto a este dualismo campo-cidade, Beiras manifesta a necesidade de que a xestión político-administrativa recaia sobre a figura da parroquia, máis acorde á realidade galega⁶⁴.

Ademais, na súa obra, Beiras analiza un dos temas recorrentes á hora de estudar Galicia: a demografía galega, e por ende, a emigración (Beiras Torrado, 2014) (Beiras Torrado, 2008). As estatísticas manifestan coma no caso de Galicia o feito de ser unha das rexións máis densas demograficamente non supón ter unha renda per cápita ao nivel daquelas rexións que, en termos demográficos, presentan similitudes co caso galego; e este feito, segundo Beiras, débese á inexistencia dun desenvolvemento económico acorde á realidade demográfica. Ademais a demografía galega, susténtase en tres características principais: ruralismo, emigración e espallamento demográfico. É dicir, e

⁶³ Tal e como se ve nos epígrafes posteriores, autores coma Pérez Touriño, Colino, Fernández Leiceaga e López, optan, entre outras, pola concentración parcelaria para mellorar a situación do agro galego.

⁶⁴ Novamente pode observarse coma Beiras retoma ideas recollidas con anterioridade por autores coma o propio Castelao ou mesmo Risco.

tal e como tamén e exposto por outros autores, Galicia é unha rexión rural, que adoce dun saldo migratorio negativo (salvo en contadas ocasións) e cun amplo número de asentamentos poblacionais^{65 66}.

Relacionado con esta realidade demográfica, está a cuestión da formación de capital necesaria para impulsar o desenvolvemento económico (Beiras Torrado, 2014). O exposto encol deste tema por Beiras, entronca co exposto por Paz Andrade. En Galicia si que existe formación de capital, mais esta adoce dos mecanismos e entidades que axuden a canalizar o aforro en actividades rendibles que propicien ou axilicen o proceso de desenvolvemento económico. Por outra banda, Beiras defende o posicionamento iniciado por Bóveda: cómpre modificar a relación entre fiscalidade e gasto público, establecendo unha distribución ou relación máis xusta para Galicia.

No relativo á situación do sector primario, Beiras analiza detidamente cada un dos diferentes subsectores. Encol do agro galego, o economista recolle toda unha serie de puntos negativos e positivos respecto á situación agrogandeira galega (Beiras Torrado, 2014).

Por unha banda, critica o modelo de autoconsumo e subsistencia aínda imperante na maior parte das explotacións agrarias, considerando necesaria unha maior especialización e mecanización de ditas explotacións, fomentando así o desenvolvemento económico⁶⁷. En canto ao minifundismo, e tal e como xa se resalta anteriormente, Beiras avoga polo cooperativismo, xustificando que o minifundismo, forma parte da idiosincrasia galega, e que, unha política agraria común a todas as rexións españolas supón un erro prexudicial para o caso galego. Por último, manifesta a necesidade de que se inverta maior capital no agro; así como o nacemento dunha mentalidade empresarial por parte do campesiño galego (aspecto chave para o crecemento económico do agro galego).

Pola outra banda, en canto aos aspectos positivos do agro galego, Beiras considera tanto o policultivo e como a reutilización dos recursos (esterco, forraxe, etc.) unha forma aproveitar a produción de forma eficiente. Por último, manifesta o bo exemplo que supoñen os montes comunais como modelos de cooperativismo rural.

⁶⁵ A modo de exemplo ilustrativo. Os municipios do resto de España están constituídos por poboacións de 500 habitantes, o cal en moitos casos, esta cifra de habitantes supoñen o número de habitantes dunha parroquia. Este feito, manifesta para Beiras, a necesidade de considerar a parroquia coma a unidade político-administrativa galega idónea.

⁶⁶ En base aos datos empregados por Beiras, a meirande da poboación activa galega traballa no sector primario. Por outra banda, o excedente de factor traballo do agro non é absorbido polo sector industrial, xerando, polo tanto, emigración (Beiras Torrado, 2014).

⁶⁷ Esta idea, e tal e como queda reflexado nos seguintes epígrafes, é compartida por outros economistas galegos.

En canto á pesca (Beiras Torrado, 2014), o economista galego manifesta que os modelos tradicionais de captura están nunha situación de progreso declive, mais destaca, de forma positiva, a cada vez maior tecnificación das embarcación (especialmente, as técnicas de conxelación). Encol da pesca, atopamos un aspecto no pensamento de Beiras que discrepa en relación co de Castelao: a influencia do capitalismo na pesca (a xestión da figura dos armadores e a súa diferenza cos pescadores), sendo para Beiras un factor a destacar positivamente.

Por último, en relación coa explotación forestal (Beiras Torrado, 2014), Beiras volve reiterar a importancia dos montes comunais como éxito do cooperativismo e avoga por unha maior coordinación dos diferentes usos que permite o monte: pastos para o gando e produción madeireira.

Polo tanto, e a modo de resumo final encol do pensamento económico de Beiras (2014), o economista conclúe na necesidade dunha maior autonomía na toma de decisións e un reparto máis xusto e equitativo dos Presupostos Xerais do Estado. Para acadar dita situación, cómpre unha maior coordinación entre Estado español e goberno galego, co fin último de que Galicia acade un desenvolvemento económico acorde cos recursos dos que dispón.

3.2 Referencias encol das actividades principais do sector primario

Tal e como se recolle na introdución do presente epígrafe, esta segunda parte corresponde a obras e autores que centraron a súa investigación en sectores concretos. Ademais, cómpre mencionar que de cara unha exposición coherente de ditos estudos realizados, seguirase unha orde cronolóxica para contrastar, a maiores, a evolución do pensamento económico encol do sector primario.

3.2.1 Agricultura

A agricultura (xunto ca gandaría) é un dos sectores da economía galega máis estudados e analizados. Esta tendencia proseguiu tras a publicación de *Sempre en Galiza* (Castelao, 2001), atopando aportacións en autores xa citados coma Isla Couto, Beiras e Paz Andrade; así coma noutros autores e obras que cómpre mencionar e analizar de cara unha maior profundidade encol do pensamento económico do sector

primario en Galicia. Dentro desas obras, o autor do presente estudo decántase por dúas obras que recollen a evolución do agro galego durante a segunda metade do s. XX: *Economía campesiña e capital. A evolución da agricultura galega (1960-1980)*, de Colino Sueiras e Pérez Touriño (1983) e *Estrutura económica de Galicia*, de Fernández Leiceaga e López Iglesias (2000).

Como xa se mencionou, e seguindo a orde cronolóxica destas dúas obras, cómpre comezar pola publicada por Colino e Touriño. Os dous economistas centran a súa obra na hipótese de que a agricultura campesiña non é compatible co desenvolvemento industrial e económico galego. A xustificación da cal se parte para o desenrolo da hipótese é que a agricultura campesiña é allea ao ideal capitalista, mentres que o desenvolvemento económico-industrial segue os principios capitalistas (Colino Sueiras & Pérez Touriño, 1983) .

Porén, ambos autores afirman que dita incompatibilidade non implica que non sexan coetáneas, o cal manifesta o carácter heteroxéneo do agro galego. Por iso, Colino e Touriño contextualizan dita situación, avogando que, en primeiro lugar, cómpre establecer a diferenza entre a agricultura capitalista (e industrial) e a agricultura precapitalista (ou campesiña). A mencionada diferenza estriba en dous elementos: a propiedade da terra e o coñecemento e tecnoloxía que se usa na explotación agraria (Colino Sueiras & Pérez Touriño, 1983). Mais, por outra banda, os dous economistas expoñen que un dos problemas de dita agricultura campesiña é a súa independencia do mercado, o cal impide que poida vender o excedente producido e polo tanto, cos rendementos xerados de dita venda, reinvertilos no desenvolvemento da explotación agraria. Dita integración é posible, mais os autores manifestan que Galicia atópase atrasada en relación con outras economías, seguindo as ideas de Isla Couto e Beiras (mesmo Castelao que estipulaba que non se estaba a aproveitar todo o potencial económico galego). Aínda que Colino e Touriño si matizan que dito atraso non é tan pesimista coma o manifestado por outros autores, é dicir, observan a Galicia dende unha óptica máis optimista.

Para acadar un maior desenvolvemento económico e, por ende, da agricultura galega, os economistas ven necesario a integración deste sector dentro dos engraxes capitalistas, pero tamén observan, que en Galicia existe unha forte carencia en canto á existencia dunha burguesía galega, clase social que nace e está intrinsecamente ligada ao desenvolvemento capitalista (Colino Sueiras & Pérez Touriño, 1983). Dita integración nos engraxes capitalistas debe xirar sobre tres eixes: a propiedade da terra, o factor traballo e a autonomía á hora de participar no mercado.

Os autores do libro consideran que para comezar cómpre realizar cambios tanto na política agraria, coma na formación do factor traballo, readaptándoa aos novos modelos produtivos, avances tecnolóxicos, etc. (Colino Sueiras & Pérez Touriño, 1983); tendo os seus efectos sobre a oferta e a demanda de produtos procedentes do agro galego.

A influencia do capitalismo no agro galego, implica a tecnificación e modernización das explotacións agrarias, rompendo co modelo autárquico e de subsistencia preexistente e integrando ao agro na cadea industrial (Colino Sueiras & Pérez Touriño, 1983). Como se pode observar, ambos autores comparten, principalmente, tanto con Gallástegui coma con Castelao, a necesidade de que se forme a man de obra no agro galego, sendo este un elemento clave para garantir un correcto desenvolvemento do agro galego.

En canto á análise histórica realizada por ambos autores, dende 1960 a 1980, e tal como tamén recollía Paz Andrade (1970) e recolle, tal e como se analiza a continuación, Leiceaga e López Iglesias (2000), maniféstase unha cada vez maior tecnificación e mecanización do agro galego a través da compra de maquinaria agrícola (Colino Sueiras & Pérez Touriño, 1983).

Por outra banda, as estatísticas que empregan Colino e Touriño, e en verbas de ambos os dous, entraña un problema básico á hora de analizar e estudar o desenvolvemento económico do agro galego: a extensión da explotación agraria. Os dous economistas cren que a tendencia futura do agro galego é a concentración parcelaria, deixando atrás o minifundismo extremo que imperaba no territorio galego (Colino Sueiras & Pérez Touriño, 1983). Como manifestación dos beneficios que supón explotacións agrarias de maior extensión, Colino e Touriño demostran, en base a datos estatísticos, coma aquelas pequenas extensións (5 – 10 Ha) son máis proclives a adoptar cambios de tipo capitalista, especialmente no uso de maquinaria (en torno ao 75% da maquinaria agrícola total en Galicia). Ademais, ditas explotacións experimentan un maior crecemento.

Por último, os autores reflicten a súa preocupación encol da relación entre demografía e o agro galego. A poboación rural segue a avellentarse e a xente máis nova emigra en busca dun futuro máis próspero. Coa finalidade de evitar este feitos demográfico, Touriño e Colino avogan por unha mellora no eido das políticas territoriais (Colino Sueiras & Pérez Touriño, 1983).

Por outra banda, os economistas Fernández Leiceaga e López Iglesias foron outros economistas bastante importantes en canto ao estudo e análise da realidade económica galega. Ademais, ao igual que Touriño e Colino, centraron gran parte dos seus estudos

en cuestión relativas ao sector primario. Porén, a súa obra permite ampliar a etapa histórica na cal realizaron ditos estudos, correspondendo á etapa que comprende dende aproximadamente os anos 70 ata finais do s. XX.

Leiceaga e López Iglesias (2000) manifestan os cambios que xa introducían Touriño e Colino encol da situación da agricultura galega: a substitución do factor traballo por factor capital, o cal implica unha introdución da agricultura nos mecanismos capitalistas. Esta substitución vén determinada por unha maior mecanización das explotacións agrarias e unha maior especialización no cultivo dunha especie determinada (Fernández Leiceaga & López Iglesias, 2000). Porén, Leiceaga e López Iglesias seguen a denominar ao agro galego como atrasado en relación ao agro estatal e europeo⁶⁸.

Para contrarrestar dita situación ambos economistas propoñen solucións similares ás estipuladas por Touriño e Colino: concentración parcelaria, creación de mecanismos e política territorial que mitigue o abandono da terra e unha maior explotación dos montes con fins agrarios (Fernández Leiceaga & López Iglesias, 2000)⁶⁹.

En relación con isto último, os economistas reinciden en certos problemas loxísticos en canto á parcelación da terra. Por exemplo, a inaccesibilidade de maquinaria a determinadas explotacións, impedindo unha mellora da produción de dita explotación, ou a escasa transferencia de terras abandonadas o que supón unha perda do espazo agrario e, por conseguinte unha perda da produtividade do agro galego (Fernández Leiceaga & López Iglesias, 2000).

Especialmente, resulta relevante a situación encol dos montes, xa que da Superficie Agraria Útil (SAU) total do monte galego, só unha cuarta parte é empregada con fins agrarios, dando lugar a un amplo marxe para levar a cabo a roturación dos montes e ampliar a superficie destinada a cultivos e pastos. Este dato, situase moi por debaixo da media europea, onde o porcentaxe de SAU emprega atópase en torno ao 50% (Fernández Leiceaga & López Iglesias, 2000).

Un dos puntos novidosos que se atopa na obra de Leiceaga e López e Iglesias é o análise da relación de Galicia no marco común europeo; é dicir, a integración de España na, naquel momento, denominada Comunidade Económica Europea (CEE). Para os autores, a instauración de España, e por ende Galicia, nun mercado común europeo,

⁶⁸ Ambos economistas xustifican este feito na seguinte relación: pese a que Galicia posúe o 15% do total español, tanto en factor traballo coma en maquinaria agrícola; tan só chega a producir o 7% do cómputo global español (Fernández Leiceaga & López Iglesias, 2000).

⁶⁹ Entroncando, desta forma, no proposto por Paz Andrade; mais se contrapón ao estipulado por autores coma Castelao.

amplía a competitividade de cada un dos sectores; así coma a instauración da **PAC** (Política Agraria Común) (Fernández Leiceaga & López Iglesias, 2000), supoñen medidas pouco beneficiosas para o agro galego, xa que este aínda se atopa nunha fase de integración nos mecanismos capitalistas.

O que isto supón, e a modo de resumo, é a obriga ou necesidade de que as explotacións agrarias galegas leven a cabo unha serie de cambios de forma rápida e precisa para adaptarse o antes posible ás novas decisións do mercado.

3.2.2 Gandaría

A gandaría foi outro dos temas principais sobre os que versaron os estudos realizados por Colino e Touriño. Neste caso, existen certos supostos ou comentarios que coinciden co analizado no epígrafe anterior, o relativo á agricultura. Principalmente, os autores trasladan as necesidades da integración capitalista na gandaría galega, a maior influencia e entrada de capital (inversión) para o desenvolvemento gandeiro, a modernización e tecnificación das explotacións, etc. Porén, cómpre mencionar que o estudo realizado polos economistas manifesta que a gandaría si que se atopa nun estado de maior integración nos engraxes capitalistas (especialmente o gando bovino), tal e como demostran as estatísticas en canto á demanda de produtos gandeiros (Colino Sueiras & Pérez Touriño, 1983).

A tendencia dos prezos na gandaría son de ir aumentando progresivamente. Mais, para os autores, este dato cómpre analizarse cautelosamente. Cal é o motivo? O encarecemento da vida é superior á suba de prezos, polo que para o gandeiro este feito é ambivalente: por unha banda a suba de prezos resulta beneficioso; pero, pola outra banda, prexudícalle a suba máis acusada dos prezos dende o punto de vista do consumidor. Para contrarrestar esta situación prexudicial para o gandeiro, Colino e Touriño (1983) consideran un elemento chave o cambio da política agraria.

A política agraria actual (Colino Sueiras & Pérez Touriño, 1983) é, en verbas dos autores, beneficiosa para o desenvolvemento da gandaría intensiva, a cal non necesita ter o gando ao aire libre (gando porcino e avícola). Porén ten efectos negativos no conxunto da gandaría galega: o constante aumento na importación de cereais⁷⁰; así

⁷⁰ A importación de millo chega a crecer un 155% entre 1960 e 1969 (Colino Sueiras & Pérez Touriño, 1983, p. 128)

como mitigar ou frear o desenvolvemento do sector lácteo e bovino, o cal está subvencionado, prexudicando á gandaría bovina galega.

Isto trouxo consigo un desbaraxuste da balanza comercial galega (Colino Sueiras & Pérez Touriño, 1983). En termos absolutos é positiva, mais cómpre matizar que a gran maioría das exportacións realízanse dentro das fronteiras españolas, mentres que a gran parte das importacións proveñen do estranxeiro. É por iso, que co II Plan de Desenvolvemento, buscábase mitigar os efectos negativos da comentada estrutura da balanza comercial, a través do fomento da concentración parcelaria e o fomento de melloras no mundo rural.

Por último, no relativo ao exposto por Touriño e Colino encol da gandaría, o desenvolvemento da gandaría galega, débese en gran medida á súa integración nos mercados capitalistas (Colino Sueiras & Pérez Touriño, 1983), especialmente do leite. Isto implicou unha maior substitución do factor traballo en factor capital, o cal se traduce nun maior uso de produtos industriais tanto antes do proceso produtivo gandeiro (compra de maquinaria, mellora na alimentación gando co uso de pensos, etc.) e despois do proceso produtivo gandeiro (industrias lácteas e cárnicas, por exemplo). Porén, este feito ten tamén os seus efectos negativos como é a forte dependencia do sector industrial.

Por outra banda, e seguindo a estrutura empregada no epígrafe anterior, cómpre analizar os estudos realizados por Fernández Leiceaga e López Iglesias (novamente seguindo unha liña cronolóxica en canto ás obras empregadas). No relativo ao análise da gandaría, realizáronse dous gráficos, en base aos datos recollidos por Leiceaga e López Iglesias, coa finalidade de ilustrar, tanto o importante papel da gandaría na estrutura do agro galego; así como para enlazar coa exposición doutros factores clave que expliquen a situación da gandaría galega a finais do s. XX.^{71 72}

⁷¹ O motivo polo que se inclúen neste epígrafe tanto o Gráfico 8 coma a Táboa 2, pese a que en ambos están presentes datos relativos á agricultura, é a importancia da gandaría dentro do sector primario galego; así como o ilustrativo que resultan ambas para explicar a evolución de dito subsector.

⁷² Todos os gráficos que se amosan no presente epígrafe son de elaboración propia, mais tomando como referencia os datos recollidos polos autores citados.




Gráfico 10 - Datos macroeconómicos do agro galego entre 1985 e 1996 (Fernández Leiceaga & López Iglesias, 2000)

	1985	1996	Taxa crecemento
Agricultura	20,0%	24,0%	20,00%
Hortalizas	5,6%	5,7%	1,79%
Viño	3,5%	4,4%	25,71%
Pataca	5,9%	7,9%	33,90%
Outros	5,0%	6,0%	20,00%
Gandaría	69,9%	60,8%	-13,02%
Leite	25,9%	28,8%	11,20%
Vacún	16,3%	13,9%	-14,72%
Porcino	11,5%	6,9%	-40,00%
Aviar	6,6%	6,4%	-3,03%
Outros	9,6%	4,8%	-50,00%
Forestal	6,2%	12,1%	95,16%
Outros sectores	4,0%	3,2%	-20,00%

Táboa 2 - Distribución do sector primario terrestre en subsectores entre 1985 e 1996 (Fernández Leiceaga & López Iglesias, 2000)

Como se pode observar no *Gráfico 10*, a poboación activa no agro galego foi diminuindo progresivamente dende 1985 a 1996, sumado ao feito de que, pola contra, a renda e produtividade por traballador aumentaron ao longo do período analizado. Esta relación inversa entre poboación activa e produtividade/renda por traballador débese a diversos feitos xa analizados no epígrafe anterior.

Por unha banda, a maior tecnificación e mecanizacións das explotacións agrarias, xunto coa especialización da produción das explotacións agrarias; máis, tamén débese ao feito da substitución do factor traballo por factor capital. É dicir, a cada vez menor

poboación activa no sector primario tamén ten o seu efecto no cómputo da produtividade e renda no agro galego.

Por outra banda, e como xa era destacado por Touriño e Colino, a gandaría é un dos subsectores máis destacados na estrutura do sector primario galego. De feito, tal e como se pode ver na *Táboa 2*, a produción leiteira é o sector máis destacado dentro da gandaría, chegando a supoñer o 35% da produción nacional, mais estes datos non se traducen ao sector industrial, onde a industria láctea galega tan só produce o aproximadamente o 7% do total nacional (Fernández Leiceaga & López Iglesias, 2000, pp. 392 - 394).

Por outra banda, tanto Fernández Leiceaga coma López Iglesias, matizan que o sector lácteo galego encontrase nunha situación problemática debido ao sistema de cotas. É dicir, as explotacións gandeiras producen un maior volume de leite do que establece a mencionada cota láctea; polo que ese excedente (o 20% da produción total de leite en Galicia. Arredor de 335.000 Tm de leite) supón unha perda para o gandeiro.

Ademais, e a modo de mencións finais, destacar que a gandaría intensiva porcina e aviar entrou nun proceso de crise, debido á entrada de España, e por ende, Galicia, nun mercado común europeo, no que a gandaría intensiva debe competir basicamente baixo unha estratexia de prezos, o que sumando ao aumento da competencia, provocou o mencionado descenso. En canto á agricultura, manifestase a escasa produción de cereais, o cal entronca coas necesidades de importar cereal doutras rexións para abastecer as necesidades do agro galego. Por último, destacar a produción vinícola, a cal xa fora salientada por Paz Andrade coma un sector moi produtivo para os intereses económicos de Galicia.

Porén, os diferentes economistas galegos contemporáneos continuaron a analizar a evolución da situación da economía galega, e polo tanto, a do sector primario; tanto a finais do século XX, coma a inicios do século XXI.

Por exemplo, López Iglesias (2019), nun artigo da Revista de Economía de Galicia, analiza a situación do sector agrogandeiro galego tras a introdución e participación de España nos mecanismos e mercados comunitarios europeos. Partindo da base de que as decisións encol da economía galega decídense dende diferentes institucións, tanto a nivel nacional coma supranacional, López Iglesias manifesta feitos que xa eran comentados en obras anteriores (Fernández Leiceaga & López Iglesias, 2000): o problema da demográfico.

A maiores da xa comentada emigración, na actualidade, o agro galego debe facer fronte a un novo problema: o éxodo e avellentamento da poboación rural. Este aspecto

provoca o abandono da terra; así como unha perspectiva cada vez máis pesimista encol do futuro do agro galego, pois o autor manifesta os problemas existentes en torno ao renovación da poboación activa do agro.

De feito, López Iglesias analiza detidamente os datos estatísticos empregados e expón que pese a que a renda por traballador continúa a crecer, este feito non se debe ao aumento da produción; senón que, prodúcese especialmente, pola diminución paulatina e progresiva da poboación activa no agro galego⁷³.

Por outra banda, e tal e como avogaban diversos economistas en obras anteriores, as explotacións agrarias en Galicia están a especializarse no gando, e especialmente no gando bovino e na produción de leite, Porén, esta especialización non se traduce nunha mellora do proceso de industrialización do agro galego, proceso que como se puido observar nas páxinas anteriores, xa era motivo de preocupación por parte de autores coma Paz Andrade ou o mesmo López Iglesias.

En resumo, Galicia continúa e ter un amplo marxe de mellora en termos de aumento da produción e da produtividade, mais este feito implica un maior peso da industria agroalimentaria e da tecnificación dos procesos produtivos no propio sector primario.

Xa no século XXI, diferentes informes encol da situación económica de Galicia (ABANCA, IDEGA & Universidade de Santiago, 2018), seguen a manifestar a relevancia do sector lácteo e bovino, mais que o sistema de cotas mingua a produtividade das explotacións galegas. Ademais, o agro galego atópase ante un grave problema: existe unha gran diferenza entre o prezo ao que venden os labregos galegos a súa produción e o prezo final de ditos produtos; o cal, sumado ao aumento dos custes de produción das explotacións, reduce o marxe de beneficio dos labregos galegos.

Entroncando con este último feito, maniféstase que en Galicia tan só son realmente produtivas aquelas explotacións que presentan un tamaño considerable (ligadas en maior medida a unha perspectiva puramente mercantil), mentres que aquelas pequenas explotacións, reflexo do minifundismo en Galicia, seguen a estar ligadas á economía de subsistencia, é dicir, ao autoconsumo fundamentalmente (López Iglesias, 2019)

⁷³ O cal supón una continuación do xa analizado anteriormente xunto con Fernández Leiceaga.

3.2.3 Pesca

Como xa se puido apreciar no epígrafe adicado a Paz Andrade, a pesca é un sector de vital importancia para a economía galega, tanto en termos de produción, coma en termos de emprego. De feito, tal e como recollen Fernández Leiceaga e López Iglesias (2000), en torno ao 42% da produción pesqueira española corresponde a Galicia. Esta mesma porcentaxe, aproximadamente o 42%, trasládase tamén á porcentaxe de poboación activa que supón Galicia sobre o total do sector pesqueiro español.

Por outra banda, a pesca está integrada en maior medida no circuíto industrial en comparación co agro. A modo ilustrativo, realizase un sinxelo gráfico (11)⁷⁴ que permite, a golpe de vista, comprender dita integración.



Gráfico 11 - Integración da pesca no sector industrial

Como se pode observar, para o desenvolvemento e posterior obtención de beneficios, o sector pesqueiro garda certa relación de dependencia con sectores industriais coma os que aparecen reflexados no *Gráfico 11*. De feito, ambos economistas (Fernández Leiceaga & López Iglesias, 2000) manifestan a relevancia do sector industrial como destino final da produción pesqueira, destinándose arredor do 30% da produción final.

Porén resulta rechamante o feito de que o 50% de mencionada produción ten como destino final ao súa exportación ben ao resto de España, ben ao estranxeiro. O seguinte gráfico (12), realizado en base aos datos aportados por ambos autores (Fernández Leiceaga & López Iglesias, 2000, p. 461), amosa o saldo final en canto ao comercio exterior do sector pesqueiro galego.

⁷⁴ Todos os gráficos que se amosan no presente epígrafe son de elaboración propia, mais tomando como referencia os datos recollidos polos autores citados.




Gráfico 12 - Comercio exterior do sector pesqueiro galego en 1995 (Fernández Leiceaga & López Iglesias, 2000)

Como se pode observar, o saldo do comercio exterior é positivo, exportando principalmente ao resto de España. Porén, cómpre mencionar que a meirande parte de das importacións ligadas ao sector pesqueiro, proveñen do estranxeiro; onde, de feito, a balanza encol do comercio exterior é negativa⁷⁵.

En resumo, pódese afirmar, que o principal cliente de Galicia, en relación ao sector pesqueiro, é o resto de España, e que, ademais, axuda a compensar o déficit xerado no comercio exterior co estranxeiro.

Por outra banda, Fernández Leiceaga e López Iglesias manifestan o carácter heteroxéneo do sector pesqueiro galego, en relación ao tipo de embarcación, proceso produtivo, etc. De cara a ofrecer a información de forma máis clara e concisa, a seguinte táboa (3) recolle os modelos produtivos do sector pesqueiro; así coma un gráfico (13) no que se recollen a produción segundo ditos modelos produtivos (Fernández Leiceaga & López Iglesias, 2000, pp. 449 - 454).

⁷⁵ A modo de aclaración: a meirande parte das exportacións ao estranxeiro son conservas.

MODELO PRODUTIVO	CARACTERÍSTICAS
Marisqueo	<ul style="list-style-type: none"> • Pouco tecnificado e profesionalizado • Dominio da empresa familiar • Destinado ao consumo en fresco (80% da produción total)
Acuicultura	<ul style="list-style-type: none"> • Especializado na produción de mexillón (aproximadamente o 75% do total)
Pesca de baixura	<ul style="list-style-type: none"> • Embarcacións pequenas e familiares • Vende o produto en fresco e nun ámbito local • Pouco tecnificado e profesionalizado
Pesca de litoral	<ul style="list-style-type: none"> • Os barcos son de propiedade familiar, ou propiedade de pequenas sociedades mercantís • O salario varía segundo o volume de da pesca capturada
Pesca de altura	<ul style="list-style-type: none"> • Barcos de gran tamaño e tecnificados • Capturan en augas comunitarias • O salario confórmase por unha parte fixa máis outra variable en función do volume da pesca capturada • Existencia dun maior control produtivo en relación aos modelos anteriores.
Pesca de gran altura (industrial)	<ul style="list-style-type: none"> • Embarcacións con sistemas de conservación e conxelado no seu interior (moi tecnificados) • Operan en grandes caladoiros • Gran volume de capital investido na embarcación • O salario é puramente fixo • Control absoluto do proceso comercial. As embarcacións (as sociedades xestoras destas) deciden en que portos descargar e vender o pescado

Táboa 3 - Tipoloxía dos modelos produtivos no sector pesqueiro (Fernández Leiceaga & López Iglesias, 2000)




Gráfico 13 - Distribución da produción pesqueira galega (datos 1995) segundo o modelo produtivo (FERNÁNDEZ LEICEAGA & LÓPEZ IGLESIAS, 2000)

Chegados a este punto, cómpre realizar unha serie de incisos que permitan comprender dunha forma máis profunda o sector pesqueiro galego. Por unha banda, e seguindo a orde establecida na Táboa 3, analízase a situación específica do marisqueo, para posteriormente, realizar o mesmo procedemento encol da pesca (especialmente en trono á figura da pesca de baixura).

O marisqueo é unha das actividades menos profesionalizadas do sector pesqueiro. De feito, e tal e como o manifesta a obra *O marisqueo* (Pardellas, 1978), a meirande parte da poboación activa que se adica ao marisqueo, complementa dita actividade co desenvolvemento doutra actividade profesional. Ademais, as dificultades que supón a captura das diferentes especies dificulta a implantación de melloras técnicas e tecnolóxicas. Porén, si que se manifesta ao longo do século XX certas melloras como o cultivo do mexillón a través das bateas. Así e todo, Pardellas, no libro citado, avoga pola instauración dalgúns cambios no marisqueo que melloren tanto a situación en termos produtivos coma en termos sociais; é dicir, cambios que melloren a situación dos mariscadores e mariscadoras.

Como punto inicial, o autor expón a necesidade dunha produción racional que permita un desenvolvemento sostible do marisqueo, coa finalidade de que dita actividade poida seguir desenvolvéndose no futuro. Para acadar dito fin, cómpre que exista a colaboración entre os diferentes membros implicados no marisqueo: toda a cadea produtiva, dende os mariscadores ata os distribuidores finais; mesmo os propios consumidores, as administracións públicas e a comunidade científica, a cal debe ter un papel determinante á hora de xustificar a mencionada produción sostible, en base á actividade investigadora realizada.

Encol da pesca, existen similitudes con respecto ao marisqueo. Novamente, cómpre que exista e se implante un modelo produtivo sostible, que evite o esgotamento dos recursos que ofrece o medio marítimo. Esta sostibilidade no sector pesqueiro debe ir ligado á mellora da situación laboral dos pescadores.

Tal e como xa se expuxo anteriormente encol á obra doutros economistas, a captura realizada por unha embarcación inflúe á hora de establecer o soldo final do pescador. Para subsanar este e máis outro problemas, no libro *Problema da pesca costeira* (1976), González Laxe expón a necesidade de que se supriman certos mecanismos existentes na actual cadea produtiva do sector pesqueiro.

En primeiro lugar, cómpre eliminar o método de fixación de prezos a través da subasta. Como solución, o economista propón a instauración dun modelo onde se fixen uns prezos mínimos que garantan aos mariñeiros percibir un soldo xusto en relación coa actividade desempeñada. Ademais, en dito prezo estará incluído os custos á Seguridade Social, para que no futuro, os mariñeiros poidan dispoñer das prestacións sociais pertinentes (xubilación, accidente laboral, etc.).

Por outra banda, González Laxe considera que o modelo organizativo do sector pesqueiro galego debe constituírse en forma de cooperativa, o cal propicie unha situación beneficiosa para o conxunto de todo o sector pesqueiro galego. Dito modelo cooperativista implica, a maiores, facilitar o investimento en melloras técnicas e tecnolóxicas das embarcacións; así coma a creación de diversos servizos auxiliares nos portos galegos: servizos médicos, reparación de embarcacións ou tratamento do pescado (conxelación, industria conservación, produción de fariñas e aceites de pescado, etc.).

Por último, e a modo de apreciación final, ditos cambios só serán posibles se todos os axentes implicados cooperan entre eles na procura do ben común, que non é, nin máis nin menos, que a mellora e desenvolvemento do sector pesqueiro galego.

En canto á capacidade produtiva e o modelo produtivo, e tal e como xa se observou no *Gráfico 13*, existe unha relación directa entre maior tecnificación das embarcacións e modelos produtivos e o volume da produción capturada (a pesca de altura produce máis da metade do total do sector pesqueiro).

Por outra banda, Fernández Leiceaga e López Iglesias (2000) manifestan o problema que supón que a pesca de altura e gran altura estea ligada ás capturas en caladoiros comunitarios, pois expoñen que as políticas comunitarias serán cada vez máis restritivas en canto á cota total a capturar en ditos caladoiros. Este feito, provocará a menor inversión en embarcacións de altura e gran altura, favorecendo a inversións en

embarcacións ligadas á pesca de baixura⁷⁶. Por outra banda, este feito provoca o envellecemento da frota pesqueira galega, tal e como tamén recollía Valentín Paz Andrade (1970), e a maior tecnificación das embarcacións de altura e gran altura para acadar unha maior produtividade⁷⁷.

Por último, e a modo de apunte final encol da pesca, cómpre destacar a magnitude do sector pesqueiro galego, xa que España, a finais dos noventa posuía a cuarta frota máis grande do mundo, sendo a metade de dita frota barcos galegos. Porén, no hipotético caso de que Galicia actuase como rexión independente de España, a súa frota tería unha capacidade produtiva á de Noruega (situada no sétimo posto); mais a produción relegaría a Galicia ao decimosétimo posto, o cal manifesta que a frota galega non é eficiente en relación coa súa capacidade produtiva (Fernández Leiceaga & López Iglesias, 2000, p. .).

3.2.4 Explotación forestal

A maiores do estudado no eido da gandaría e da agricultura, os economistas Colino e Pérez Touriño tamén estudaron, aínda que de forma máis breve, a situación do monte galego, e por ende, do sector forestal (Colino Sueiras & Pérez Touriño, 1983).

O primeiro e principal aspecto que ambos autores consideran que cómpre cambiar é o uso do monte. Esta afirmación diverxe en dúas vertentes. Por unha banda, no relativo a explotación forestal, avogan por substituír a repoboación dos montes a base de eucalipto e piñeiro, as cales son especies foráneas. E por outra banda, empregar parte da superficie dos montes para as ramas principais do sector primario terrestre: gandaría (pastos) e agricultura (superficie cultivable). Por último, para acadar ditos cambios, cómpre inicialmente comprender que o monte non só debe verse como recurso para a explotación forestal; senón que tamén cómpre ver o enorme potencial como fonte de recursos para o sector agrogandeiro.

⁷⁶ De feito, en base ao análise estatístico da evolución da frota pesqueira galega, xa se está a producir a finais dos anos 90, tal e como recollen Fernández Leiceaga e López Iglesias (2000)

⁷⁷ Novamente, cónstase o proceso de substitución do factor traballo por factor capital.

Conclusión

Ao longo do presente estudo, realizouse unha análise do pensamento económico galego ao longo do século XX; tomando como vértice principal a figura de Castelao. Porén, pese a empregar a Castelao como protagonista do presente estudo, cómpre entender que todos os autores citados “dialogan” entre si, trazando unha panorámica da evolución histórica da economía galega e das necesidades da mesma. Nestes diálogos, pode observarse como as diferentes obras dun determinado autor inflúen no pensamento económico doutros autores. Ben a través da actualización dese pensamento económico, ben a través da análise crítica e proposición dun pensamento contrario ou diferente. De todos modos, é mediante este diálogo onde se enriquece o pensamento económico galego, abarcando diferentes perspectivas. En resumo, todo este conxunto de ideoloxías económicas encol do desenvolvemento económico galego, supoñen, en primeira instancia, un beneficio para a propia Galicia.

Por exemplo, os economistas ilustrados (Labrada, Padre Sarmiento, etc.) priorizaban a eliminación dos foros, elemento económico-social imperante na Galicia coetánea a ditas autores; mentres que, autores coma Pérez Touriño ou Fernández Leiceaga, estudaron e analizaron a integración de Galicia nos mecanismos capitalistas e industriais. Ditos mecanismos son a clara manifestación dun mundo cada vez máis globalizado, o que implica que a economía galega sexa áxil á hora de aplicar os cambios necesarios que así o demanda a situación económica global.

Aínda que ditas preocupacións son acordes ao momento no que vive cada un dos autores, tamén é certo que existen problemas que, pese ao paso dos anos, continúan a mitigar o potencial de Galicia. Principalmente, cómpre salientar a emigración, tanto a nivel interno, é dicir, o éxodo rural, o cal dificulta o desenvolvemento do sector primario galego (punto de partida no análise do presente traballo e asentado, fundamentalmente, no mundo rural); coma a nivel externo, onde ao igual que xa reflexaban autores coma Castelao ou Paz Andrade, segue a emigrar as capas

demográficas máis novas ao estranxeiro. Todo isto supón non só un problema en termos demográficos, senón que tamén supón un problema en termos económicos; tendo que ser este un aspecto a corrixir o antes posible, en busca dun maior beneficio para o conxunto de Galicia.

Por outra banda, e alén dos diferentes pensamentos económicos dos autores citados, cómpre entender que Galicia é unha comunidade diferente ao resto de España, debido a unha serie de matices. En primeiro lugar, Galicia atopouse e atópase *illada* en termos xeográficos. Este *illamento* é froito da existencia dunha serie de fronteiras naturais co resto da Península Ibérica. Ao sur, facendo fronteira con Portugal o río Miño; mentres que ao leste, toda unha serie de cadeas montañosas (O Courel, Ancares, etc.). Inclusive, hoxe en día, e pese as melloras no campo das comunicacións, e a modo de apunte complementario, Galicia segue a sen contar co transporte ferroviario de alta velocidade (AVE) que o conecte co resto de España. É por iso, que a única *saída* de Galicia é cara o mar, o cal pode chegar a explicar o porqué da relación entre a pesca e Galicia, sendo un dos sectores principais da economía galega.

A maiores, este illamento non só provocou a exportación de produtos; senón que tamén provocou a importación destes. Este feito, conleva ao desenvolvemento da economía de subsistencia comentada por algúns autores, coa finalidade de mitigar a carencia de certos produtos que comprían ser importados. Por último, tal e como xa se observou encol do pensamento económico dalgúns autores, dito illamento queda manifestado na propia política económica⁷⁸.

Por outra banda, un dos elementos ou feitos que todos os autores mencionan coma un dos grandes problemas para o desenvolvemento económico de Galicia é a industrialización. É dicir, Galicia sempre estivo, e aínda está, un paso por detrás en relación con outras zonas de España, en termos de desenvolvemento industrial. Ano tras ano, son moitos os economistas que manifestan o tamaño reducido das empresas españolas, sendo a meirande parte PYMES. Porén, pese a ser esta a situación a nivel nacional, a situación en Galicia resulta máis acusada. Basta con recordar as palabras de Paz Andrade á hora de definir a industrialización galega: “minifundismo industrial”. Polo tanto, en Galicia, pese a que si se produciu un proceso de industrialización ao longo

⁷⁸ Recórdese as duras críticas de Castelao en relación coa Lei da Reforma Agraria (1931) por excluír a realidade agraria galega á hora de elaborar a mencionada lei.

do século XX e inicios do Século XXI, continúa adocendo dun corpo industrial forte que axude a crecer ao conxunto da economía galega⁷⁹.

Ademais, e a modo de apunte final encol do proceso de industrialización galego, cómpre salientar dous últimos matices. En primeiro lugar, a asincronía entre a produción procedente do sector primario e a súa transformación no sector secundario ou industrial⁸⁰. E en segundo lugar, é necesario recordar coma parte da industria nacente en Galicia a mediados do século XX foi fundada por capitais estranxeiros (vascos e cataláns principalmente), o cal provoca que parte dos beneficios xerados en dita industria saían dos engrenaxes da economía galega cara as economías de orixe de ditos capitais investidos.

Porén, a economía galega conta con algúns elementos que cómpren ser destacados, os cales manifestan o enorme potencial que ten Galicia en termos económicos. Loxicamente, se por algo destaca Galicia é pola riqueza en materias primas coa que conta o seu territorio. Por conseguinte, a explotación da mencionada materia prima efectúase a partir do sector primario, pilar básico sobre o que se elabora o presente estudo. É por iso que autores coma Castelao, Beiras e un longo etcétera, consideran fundamental a defensa e desenvolvemento do sector primario galego. Estes economistas entenden que o desenvolvemento da agricultura, da pesca e/ou da explotación forestal acabará por contaxiar ao resto dos sectores económicos galegos, beneficiando, a fin de contas, ao conxunto da economía galega.

Malia a mencionada riqueza en materia prima coa que conta Galicia, cómpre que a poboación activa que se adique á explotación da mencionada materia prima, vaia da man ou se desenvolva acorde ás novas achegas tecnolóxicas e científicas. A investigación, divulgación e formación da sociedade galega que traballe no sector primario é fundamental para seguir á aproveitar a mencionada riqueza existente en Galicia; senón que é importante para dotar á produción unha maior eficacia e eficiencia.

Manifestación de dita labor de investigación son as diferentes ferramentas que foron creándose en Galicia ao longo da segunda metade do século XX e ata hoxe en

⁷⁹ Estamos, polo tanto, ante unha industria numerosa en termos cuantitativos, mais de reducido tamaño.

⁸⁰ Cómpre recordar como algún autores coma González Laxe (1976) ou Pardellas (1978) manifestaban que Galicia tiña un sector pesqueiro moi potente, mais a industria relacionada con dito sector era deficiente en relación coa produción da pesca e do marisqueo na economía galega.

día. Comezando pola inauguración da Facultade de Economía de Santiago de Compostela en 1967⁸¹ ⁸², a Revista de Economía de Galicia ou a cada vez maior obra bibliográfica encol da economía galega⁸³.

En conclusión, a pedagogía e a investigación son elementos básicos para xerar un maior desenvolvemento do sector primario, e por conseguinte, da economía galega, mais para acadar dito obxectivo, cómpre que existe unha cooperación entre os diferentes axentes implicados: poboación activa, empresarios, a propia sociedade galega e o sector público. Ademais de dita labor divulgativa, tamén cómpre crear os mecanismos e as ferramentas que posibiliten un futuro prometedor para as xeracións vindeiras: evitar, na medida do posible tanto o éxodo rural e a emigración (da xente nova especialmente), realizar políticas económicas acordes a idiosincrasia e realidade da economía galega, etc. Só de forma conxunta poderase acadar o desenvolvemento real da economía galega, deixando atrás a perenne referencia da potencialidade da economía galega. En resumo, pasar do posible ao real.

⁸¹ Algún dos autores citados no presente traballo formáronse ou impartiron clase en dita institución: Beiras, Fernández Leiceaga, Pérez Touriño, González Laxe, etc.

⁸² Actualmente, impártense grados e mestrados en materia económica nas tres universidades galegas: a xa mencionada Universidade de Santiago de Compostela (USC), a Universidade de A Coruña (UDC) e a Universidade de Vigo (UVigo).

⁸³ Tanto en termos xerais, coma en estudos sobre unha materia concreta, coma por exemplo, a agricultura galega. Un exemplo é o libro *Os servizos no cambio de modelo agrario* (Pereira Sánchez, 2019), no cal se actualiza a situación do agro galego aos tempos actuais no cal o sector terciario segue a gañar relevancia no desenvolvemento do sector primario.

Bibliografía

- ABANCA, IDEGA & Universidade de Santiago. (2018). *A economía galega. Informe 2018*. A Coruña: Afundación.
- Alba Tercedor, C. (1975). La educación en la II República: un intento de socialización política. En M. Ramírez, *Estudios sobre la II República española* (pp. 49-89). Madrid: Tecnos.
- Álvarez Blázquez, X. M. (1992). *Alexandro Bóveda*. Vigo: Ir Indo.
- Álvarez Gallego, X. (1972). *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*. Bos Aires: Edicións Nós.
- Asamblea Regional de Ayuntamientos de Galicia. (1932). *Estatuto de Autonomía*. Santiago de Compostela.
- BEIRAS TORRADO, X. M. (1967). *El problema de la Galicia rural*. Vigo: Galaxia.
- Beiras Torrado, X. M. (1970). *Estructura y problemas de la población gallega*. Santiago de Compostela: Banco del Noroeste.
- Beiras Torrado, X. M. (1975). La economía española durante la II República. En M. RAMÍREZ, *Estudios sobre la II República española*. Madrid: Tecnos.
- Beiras Torrado, X. M. (2008). *Por unha Galicia liberada e outros ensaios*. O Burgo, Culleredo (A Coruña): Espiral Maior.
- Beiras Torrado, X. M. (2014). *O atraso económico de Galicia*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Beramendi, J. G. (1998). *Alfredo Brañas no rexionalismo galego*. Santiago de Compostela: Fundación Alfredo Brañas.
- Brañas, A. (1999). *El Regionalismo*. Santiago de Compostela: Fundación Alfredo Brañas.
- Cabo Villaverde, M. (1997). O labor da Misión Biolóxica de Pontevedra ata 1936 e a reforma da agricultura galega en Cruz Gallástegui Unamuno. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 103 - 152.
- Carballo, F. (1999). *Alexandre Bóveda*. Vigo: A Nosa Terra.
- Castelao, A. D. (2001). *Sempre en Galiza* (Vol. I). Santiago de Compostela: La Voz de Galicia, S.A.
- Castelao, A. D. (2001). *Sempre en Galiza* (Vol. II). Santiago de Compostela: La Voz de Galicia, S.A.
- Colino Sueiras, X., & Pérez Touriño, E. (1983). *Economía campesiña e capital. A evolución da agricultura galega (1960-1980)*. Vigo: Galaxia.
- Corporación Radio e Televisión de Galicia. (22 de Febreiro de 2009). Historia de Galicia: A causa das cousas. Santiago de Compostela, Galicia, España.
- Dopico, F. (1978). *A Ilustración e a sociedade galega*. Vigo: Galaxia.

- Fernández Caínzo, X. X. (2001). *"Sempre en Galiza". Perspectivas*. Novos Vieiros.
- Fernández Leiceaga, X., & López Iglesias, E. (2000). *Estrutura económica de Galicia*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Gallástegui, C. (1958). Las posibilidades de la economía agrícola y ganadera de Galicia. *Revista de economía de Galicia*, 40 - 47.
- González Laxe, F. (1976). *Problema da pesca costeira galega*. Vigo: Galaxia.
- Gutiérrez, E. (2003). *Alexandre Bóveda en A Nosa Terra*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Isla Couto, X. (1992). *Construír Galicia*. Trasalba (Ourense): Fundación Otero Pedrayo.
- López Iglesias, E. (2019). O sector agrario e agroalimentario en Galicia; balance das transformacións desde a integración europea, 1986-2016. *Revista de Economía de Galicia*, 1 - 20.
- Ministerio de Agricultura, Comercio y Industria. (1932). *Ley de Reforma Agraria*. Madrid: Gaceta de Madrid.
- Pardellas, X. (1978). *O marisqueo*. Pontevedra: Escola Aberta.
- Paxton, R. O. (2019). *Anatomía del fascismo*. Madrid: Capitan Swing.
- Paz Andrade, V. (1959). *Galicia como tarea*. Santiago de Compostela: Ediciones Galicia.
- Paz Andrade, V. (1970). *La marginación de Galicia*. Madrid: Siglo XXI de España.
- Pena Beiroa, X. A. (2001). A formación e desenvolvemento profesional do Bóveda economista. En A. C. Bóveda, *Perspectivas sobre Bóveda* (pp. 25 - 51). A Coruña: Asociación Cultural Alexandre Bóveda.
- Pereira Sánchez, Á. (2019). *Os servizos no cambio de modelo agrario*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.
- Redondo Abal, F. X. (2014). *Bibliotecarios e bibliotecarias "infames"*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Roca Cendán, M. (1982). *Lois Peña Novo. Vida e pensamento político e económico*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro.
- Tamanes, R. (1973). *Historia de España Alfaguara VII. La República - La era de Franco*. Madrid: Alianza Universal.